



MEMORIA COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA 2021



Presentación

A presente memoria pon en valor as accións realizadas polo Colexio profesional na loita pola defensa da profesión e de todas as persoas e familias cunha situación límite en momentos vitais das súas vidas.

Segundo a FITS, a disciplina académica do Traballo social promove o cambio e o desenvolvemento social, a cohesión social, o fortalecemento e a liberación das persoas. Os principios de xustiza social, os dereitos humanos, a responsabilidade colectiva e o respecto para a diversidade son fundamentais para a nosa profesión.

Atendendo ao contexto de crise, aos grandes cambios de modelos estruturais e ao vertixinoso avance tecnolóxico, é de rigor resaltar que o Traballo social é unha disciplina que fica sempre ao carón das persoas mais vulnerables acompañándoas nos seus procesos vitais. A nosa profesión está de xeito implacable en primeira liña coas comunidades e familias, na protección a infancia/adolescencia, promovendo a autonomía e o envellecemento activo dentro dun marco de sociedades sostibles, solidarias e de coidados.

Facer fronte ás novas barreiras estruturais que continúan a perpetuar desigualdades, pon en evidencia a necesidade de creación de espazos de discusión e reflexión liderados polo Traballo social, onde as e os profesionais poidan acordar e planificar novas estratexias de acción que mitiguen a pobreza e promovan a inclusión e a cohesión social.

Resulta imprescindible incidir nas políticas públicas e reverter a pirámide de prioridades dos actuais sistemas, situando de novo ás persoas no eixe central dende unha perspectiva humanista, ecoloxista, feminista e de responsabilidade colectiva. Neste senso, dende as estruturas colexiais débese contribuír ao crecemento e ao desenvolvemento profesional ampliando os coñecementos do colectivo e impulsando novas e boas prácticas, defendendo a independencia e velando pola deontoloxía profesional, garantindo así á cidadanía a máxima calidade nas actuacións. Asemade, é fundamental fomentar no colectivo profesional o coidado mutuo con accións que potencien o autocoidado e velen pola saúde da nosa profesión.

Dende a Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Traballo Social de Galicia queremos involucrar á toda a profesión e rede colexial na necesidade dunha participación proactiva canalizando as sinerxias de toda a profesión, fomentando as alianzas comúns e utilizar o consenso como método de toma de decisión.

O COTSG conta con mais de 20 anos de historia na comunidade galega, é un logro froito do esforzo individual de moitas/os compañeiras/os apaixonados pola nosa profesión. Desde o inicio, apostaron pola defensa dos intereses das e dos Traballadores sociais, cuestionaron as condicións estruturais que levan á exclusión social e á opresión, e impulsaron iniciativas de cambio que nos situaron como profesionais referentes no ámbito social.

O Traballo social xa vén demostrando ser unha profesión comprometida coa estabilidade social, así como imprescindible e relevante nas vidas das persoas, das comunidades, e por suposto, na persecución dos dereitos humanos e da xustiza económica, ambiental e social.

**Miriam Rodríguez Sierra
Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**




Xunta de Goberno



3. 1. Equipo técnico, comisiones e grupos de traballo




Aquilino Rei Santiago: levo traballando no COTSG desde xuño do 1997, formo parte do departamento de Administración. De formación, Enxeñeiro Técnico, tamén son Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais



Susana Neo:Traballadora do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia como Auxiliar Administrativa no Departamento de Administración dende o ano 2000 ata a actualidade.



Fe Sampayo: Traballadora Social. Técnica do Departamento de Formación do COTSG. Formación especializada en PMP® (Project Management Professional). Conta con máis de 10 anos de experiencia en xestión e tramitación de proxectos rexionais, nacionais e europeos. Desde hai 5 anos leva a cabo a planificación e coordinación da formación no COTSG



Ana Fungueiriño: Traballadora social. Responsable de xestión de contidos do portal web MATIASS, convenio coa Consellería de Política social. Coordinadora da edición Revista Galega de Traballo Social Fervenzas. Publicacións COTSG



Manuel Penido: Técnico do SIUSS en convenio coa Consellería de Política social. Ex docente na Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela durante 18 anos. Formador de cursos SIUSS do Ministerio de Asuntos Sociales y Agenda 2030

3. 1. Equipo técnico, comisiones e grupos de traballo



Emma Lamas: Traballadora Social. Mestrado en Valoración e Intervención Xerontolóxica e Xeriátrica. Formación especializada e experiencia en intervención comunitaria: maiores, dependencia e discapacidade, inclusión social, familia e infancia, muller e minorías étnicas. Responsable da área de Defensa da Profesión e Grupos de Traballo do COTSG



Nerea Fernández: Traballadora social. Formación especializada en Educación na Igualdade e Violencia de xénero. Terapia Gestalt. Coordinadora do Colexio Oficial de Traballo social e da Quenda especializada en violencia de Xénero da Comunidade Autónoma de Galicia. A cargo da coordinación de programación de actividades, Defensa da Profesión, Presidencia e Xunta de Goberno



Julia Álvarez: vogada responsable da Asesoría Xurídica do Colexio, presta o servizo de asesoramento legal á colexiación en asuntos relacionados co exercicio da profesión, así como tamén presta soporte técnico xurídico á Xunta de Goberno e as traballadoras e traballadores que forman parte do equipo do COTSG.



Tamara Fernández Arias. Traballadora Social. Formación especializada en Intervención familiar, grupal e individual e Coaching. Formación en copywriting e xestión de redes sociais. Responsable de comunicación do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

3. 2. Comisións e grupos de traballo



Os [Grupos de Traballo](#) pretenden ser unha ferramenta activa e flexible que permite potenciar o compromiso do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) coa profesión e cos/as profesionais que representa, ao promover o estudo das necesidades deste colectivo en distintos ámbitos de traballo, introducindo novas propostas para a resolución de problemas comúns e favorecendo o desenvolvemento e ampliación de coñecementos en áreas de traballo social e servizos sociais que están menos desenvoltas.

A constitución e posta en funcionamento de Grupos de Traballo debe realizarse dun xeito minucioso, establecendo uns criterios de composición e funcionamento cunha base común, independentemente de que a área temática que desenvolvan sexa diferente. Por tal motivo, o Colexio cumpriu o seu obxectivo de elaboración dun [Regulamento de Réxime](#) interno dos grupos de Traballo.

Así mesmo, as [Comisións Técnicas](#) tamén son un instrumento de carácter experto e enfoque científico que facilita o asesoramento nas diferentes áreas temáticas á propia entidade.

As persoas colexiadas que desexan investigar ou desenvolver algunha temática relacionada co Traballo Social poden constituír un grupo de Traballo e/ou Comisión con aquelas persoas colexiadas que compartan o mesmo interese e, o Colexio profesional, facilítalles a infraestrutura, o espazo e a dispoñibilidade necesaria para o desenvolvemento da actividade.

Durante os últimos catro anos, moitas persoas colexiadas teñen escollido esta vía para aportar a súa experiencia profesional e coñecementos, compromiso e entusiasmo en diferentes áreas da nosa disciplina.



3. 2. 1. Comisións



a. Comisión Deontolóxica

A Comisión deontolóxica é un órgano independente adscrito ao Colexio Oficial de Traballo social que ten como finalidade promover o compromiso ético das/os profesionais do traballo social, así como velar polo cumprimento do Código Deontolóxico. Entre os seus fins está o de preservar os valores e os principios do Traballo social e garantir unha boa praxe profesional e promover a cultura e a formación na deontoloxía profesional.

Unha das liñas estratéxicas do órgano directivo neste pasado 2021 foi a promoción da ética na profesión, polo que se incidiu en regular a Comisión e elaborar un Regulamento interno da mesma— aprobado en Asemblea; dotar de formación a toda a colexiación respecto á ética e deontoloxía profesional; visibilizar as actuacións e o obxecto da Comisión —mediante artigos en prensa e na Revista Fervenzas, así como utilizar a nova páxina web do Colexio profesional—; abrir a posibilidade de novas profesionais que formaran parte; participar nunha investigación da Universidade de Navarra, así como estender a Comisión a outras estruturas e órganos. Ademais, a través do COTSG conseguiuase unha modificación da Lei de Servizos sociais para que se incorporara o Comité de ética como un órgano estrutural dentro do Sistema de Servizos Sociais.

«Artigo 41. Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia

1. Autorízase a Xunta de Galicia para a creación do Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia, que se configurará como un órgano colexiado de carácter permanente interdisciplinario e independente, sen personalidade xurídica propia, consultivo, que ten como finalidade a análise e o asesoramento nos aspectos e conflitos éticos que se susciten na práctica diaria da intervención social. A creación efectiva deste órgano materializarase mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, que desenvolverá a regulación da súa composición, funcións e réxime de funcionamento.

2. O Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia adscribirase á consellaría da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de servizos sociais.

3. Este comité exercerá as súas funcións asesoras con plena autonomía e sen dependencia funcional de ningún outro órgano.

4. As persoas membros deste comité deberán reunir, cando menos, os seguintes requisitos:

a) Experiencia profesional acreditada de polo menos cinco anos no ámbito dos servizos sociais realizando funcións de intervención social directa.

b) Formación específica sobre ética aplicada en servizos sociais impartida por unha administración pública, universidade, colexio profesional ou outra institución con capacidade para acreditar a dita formación e/ou, se é o caso, formar parte de comités de ética ou comisións deontolóxicas.

Non poderán ser membros deste comité as persoas titulares de órganos directivos da Xunta de Galicia ou de entidades dependentes, así como as persoas titulares de órganos directivos de colexios profesionais, das universidades e das asociacións profesionais.

5. Na composición deste comité procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes. Para estes efectos, e segundo o disposto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, entenderase por composición equilibrada a presenza de homes e mulleres de forma que as persoas de cada sexo non superen o 60 % nin baixen do 40 %».

Ademais, en colaboración co departamento de comunicación, participa en diferentes campañas respecto ás novas actuais da sociedade :



“O Código Deontolóxico do Traballo Social establece no seu artigo 7 que se fundamenta sobre os valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade e a igualdade tal e como se contemplan na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

O COTSG reclama a todas as institucións públicas e organizacións políticas un compromiso real para a defensa e protección dos dereitos fundamentais de todas as persoas e Políticas Públicas que traballen a prol dunha prevención e integración real e efectiva

É tarefa, xa que logo, do colectivo profesional do Traballo Social e do Colexio Oficial de Traballo Social como o seu representante en Galicia rexeitar e sinalar aquelas declaracións ou manifestacións públicas que vulneren eses principios fundamentais.

O COTSG esixe que os colectivos vulnerables ou en risco de exclusión non sexan criminalizados e utilizados politicamente para o desenvolvemento e difusión de discursos de odio.

O COTSG reclama a todas as institucións públicas e organizacións políticas un compromiso real para a defensa e protección dos dereitos fundamentais de todas as persoas.”



The collage features the logo of the Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia in the top left. It includes three news snippets: 1) 'Manifestaciones en toda España clama justicia para Samuel' with a photo of a large crowd and a quote from Sánchez: 'Fue un acto salvaje y despiadado'. 2) 'La justicia avala el cartel electoral de Vox contra los menores extranjeros: "Son un evidente problema social y político"' with a photo of a man in a white shirt and a quote from the Audiencia Provincial de Madrid. 3) A red prohibition sign with the text 'NON AOS DISCURSOS DE ODIO'.

Manifestaciones en toda España clama justicia para Samuel
Sánchez sobre el asesinato del joven: Fue un acto salvaje y despiadado

Noticia: Correo Gallego

La justicia avala el cartel electoral de Vox contra los menores extranjeros: "Son un evidente problema social y político"
La Audiencia Provincial de Madrid se pronuncia en contra de la opinión de la Fiscalía y alega que no se pueden prohibir unas ideas y aceptar otras "tan criticables o más que estas"

Noticia: El país

NON AOS DISCURSOS DE ODIO

B.Comisión de Infancia e Familia

Xuntanzas: 3

Nº de Integrantes: 10


O COTSG creou a Comisión de Infancia e familia que traballou durante o 2021 na elaboración dunha **diagnose** sobre este sistema de protección e as súas debilidades e fortalezas co obxectivo de trasladalo á Consellería competente. Ademais, aproveitando a aprobación da Lei Orgánica de Protección da infancia a nivel estatal, a Comisión, en colaboración co Departamento de Comunicación, elaborou unha **campaña-decálogo** sobre as principais eivas detectadas en base a experiencia directa do traballo cos nenos, nenas, adolescentes e as súas familias



C.Comisión de igualdade

Crease a Comisión técnica de Igualdade permanente como Órgano consultivo da mesma con persoal experto na materia e perfil técnico, que sume ás liñas de traballo plantexadas: Romper cos modelos sexistas e abrindo foros de reflexión cara un mundo feminista e sostible, Quenda de Garda Social en Violencia de Xénero, traballo Social nos Centros de Información ás mulleres – Loita por mudar o Decreto, figura do Traballo social nos Corpos de Seguridade nas Unidades de Familia e Violencia de xénero, Traballo Social nos Xulgados de xeito permanente e continuado.

A Comisión remata, segundo o regulamento, coa última candidatura de Xunta de Goberno.



3. 2. 2. Grupos de traballo



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

A. Traballo Social en Educación

Xuntanzas: 2

Nº integrantes: 6 Traballadoras/es sociais

O Colexio Oficial en conxunto co Grupo de Traballo de Educación co compromiso adquirido neste tempo, apostou por poñer en valor esta figura para toda a cidadanía, así como continuar coas reunións previstas con todos os grupos parlamentarios políticos, organizacións sindicais, ANPAS e Consellería de Educación, ademais de seguir trazando liñas de colaboración coas demais comunidades Autónomas coas que contan con esta figura.

Para elo, as actuacións levadas a cabo neste 2021 foron as seguintes:

- Documento de consideracións á [Rede de acompañamento de alumnado vulnerable](#) ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
 - Nota de prensa respecto a esta figura ([+info](#))
- [Posicionamento sobre a figura de coordinador/a de benestar social regulado na Lei Orgánica 8/2021](#) ante a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Reunión co Grupo político socialista para visibilizar esta figura dentro do Parlamento galego. Despois da xuntanza, o PSdeG rexistra unha iniciativa para que a Consellería de Educación amplíe a presenza de traballadoras e traballadores sociais nos servizos de orientación educativa e profesional.

3. 2. 2. Grupos de traballo



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

- Reunión co Grupo político socialista para visibilizar esta figura dentro do Parlamento galego. Despois da xuntanza, o PSdeG rexistra unha iniciativa para que a Consellería de Educación amplíe a presenza de traballadoras e traballadores sociais nos servizos de orientación educativa e profesional.

grupo socialista **PSG PSOE**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2021 10:42:19
Nº Rexistro: 11686
Data envío: 24/02/2021 10:42:19.393

En definitiva, a petición que traslada o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia conta con precedentes de implantación no Estado, polo que resulta oportuno coñecer as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sobre a demanda que traslada este colectivo profesional.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Valora o Goberno galego a posibilidade de levar a cabo un proxecto de experimentación educativa asinando un convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia que permita a participación deste colectivo da rede de orientación escolar?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/02/2021 19:38:16

Noa Susana Díaz Varela na data 23/02/2021 19:38:29

- Participación na Guía de Violencia de Xénero para a adolescencia na Consellería de Educación.
- Reclamación da cobertura da praza de traballador/a social a amortizar do CEE Saladino Cortizo ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (+info)

3. 2. 2. Grupos de traballo



B.Traballo Social e SS.SS Comunitarios

Xuntanzas: 2

Nº integrantes : 11 Traballadoras/es sociais

Os obxectivos principais do grupo de SS.SS. comunitarios é visibilizar as eivas e necesidades existentes neste ámbito de traballo en todos os seus aspectos (laboral, técnico...), elaborar documentos modelo para a mellora da intervención, velar polos dereitos das persoas usuarias e analizar as novidades que vaian xurdindo.

C.Traballo social e Exercicio libre

Xuntanzas: 2

Nº integrantes: 16 Traballadoras/es sociais

O Colexio conta co Grupo de Traballo en exercicio libre para traballar e facer novas propostas neste eido. Neste 2021, foi elaborada unha [Guía de recursos para o exercicio libre en Traballo Social](#), e foi acadado outro dos obxectivos propostos polo grupo: a difusión dos/as profesionais independentes colexiados/as de xeito público na páxina web do COTSG.

Asemade, levouse a cabo a Campaña **#OTraballoSocialVoalibre**



3. 2. 2. Grupos de traballo

D. Traballo social e SAF

Xuntanzas: 3

Nº integrantes: 15

O obxectivo último nesta área é poñer en valor o dito servizo, reformulalo cara ao futuro e visibilizar todas as súas eivas en prol da súa mellora.

A Xunta de Goberno estivo comprometida para contribuír e compartir as problemáticas máis comúns na xestión e coordinación dos Servizos de Axuda no Fogar tanto públicos como privados, traballar na creación de modelos, protocolos e ferramentas de traballo que contribúan a mellorar a xestión do servizo, realizar propostas ou modificacións para reclamar ás administracións a nivel normativo e de inspección, valorar a situación laboral dos/as técnicos/as de xestión do SAF tanto a nivel de ratio como de función.

Dende o Grupo de Traballo de SAF foron elaborados varios documentos para visibilizar con maior claridade a problemática actual deste servizo:

- Consideracións do grupo de traballo de SAF sobre a xestión da Covid neste servizo
- A verdadeira cara do SAF. Problemáticas, abusos e deficiencias dun sector en auxe
- Consideracións do grupo de traballo de SAF do COTSG para a reformulación e mellora do SAF
- Consideracións do grupo de traballo de SAF do COTSG ante a organización da campaña de vacinación COVID 19

Para o traballo de creación de modelos, protocolos e ferramentas foi creada a **Mesa de Traballo de SAF** (composta por 11 persoas), que traballou ata o momento no borrador dun modelo de ordenanza municipal que se axuste á realidade actual.




3. 2. 2. Grupos de traballo

E. Traballo Social e Feminismos

- Durante o mes de novembro se visualizan eivas e fortalezas do Traballo Social na intervención en violencia de xénero:



Así mesmo, as integrantes do grupo acordan neste 25 de Novembro de 2021 visibilizar que o machismo forma parte de todos e todas e que é importante decatarse para poder traballar na deconstrución continua, mediante a campaña: [#TiFasOuDesfás](#).



3. 2. 2. Grupos de traballo



F. Traballo social e saúde

Xuntanzas: 3

Integrantes: 19 Traballadoras/es sociais

O Colexio conta tamén neste eido cun Grupo de traballo específico o cal pretendeu durante este ano colaborar coa entidade na detección de necesidades, avaliación da situación actual do persoal no SERGAS, presentación de propostas.

Este grupo está disolto na actualidade.

G. Traballo social e Inclusión social

Xuntanzas: 2

Nº de integrantes: 7 profesionais


En virtude da nova Lei de Inclusión, foi creado a demanda dun grupo de persoas colexiadas un grupo de traballo de inclusión que presenta nun documento propio as súas liñas de acción, obxectivos e funcións.

Asemade, ate a inminente reforma, o COTSG e as integrantes do Grupo de Inclusión manteñen unha xuntanza coa Dirección Xeral de Inclusión para trasladar o documento de consideracións elaborado ao respecto (en colaboración co grupo de traballo creado) para dar a coñecer a realidade actual desde o Traballo Social, eivas e propostas de mellora.



4. PERSOAS COLEXIADAS

[ALTAS - BAIXAS 2021]



Creado con Datawrapper



5. MISIÓN E VALORES

Os Estatutos Particulares do COTSG regulan o funcionamento da entidade colexial, na que se recollen os seus fins esenciais:

- Ordenación do exercicio da actividade profesional
- Representación exclusiva da profesión na Comunidade Autónoma de Galicia
- Observancia dos principios xurídicos, éticos e deontolóxicos
- A formación permanente das persoas colexiadas
- Defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas

Entre as funcións máis salientables do Colexio Profesional están a de exercer a representación que establezan as leis; colaborar coas Administracións Públicas e outras entidades en relación coa disciplina do Traballo Social; promover a participación activa, fomentando o asociacionismo; perseguir e denunciar o intrusismo profesional, así como a ilegalidade no exercicio da profesión; velar polo cumprimento dos principios éticos e criterios profesionais; procurar a harmonía e colaboración entre as persoas colexiadas, así como o desenvolvemento de servizos e actividades que redunden nunha mellora da calidade da intervención social.

A defensa dos valores profesionais que a Xunta de Goberno promulga debe facerse desde:

- O compromiso coa profesión, os Colexios e os/ as profesionais.
- Unha filosofía de traballo baseada na cooperación, a cohesión, a creación de redes e a acción.
- A potenciación da identidade profesional.
- A aposta polo impulso dos diferentes sectores profesionais.
- A xestión socialmente comprometida, transparente e ética.
- O rigor profesional.
- A perspectiva de xénero en todas as nosas actuacións.
- O traballo en equipo, sumando sinerxias e alianzas estratéxicas para o logro de obxectivos.
- O fomento da participación activa e a participación social.



6. EIXES, ESTRATÉXICOS DE ACCIÓN

6.1. Defensa da profesión

O Colexio defende o noso exercicio profesional nas súas distintas áreas, velando pola profesión e polo benestar do colectivo na execución das súas responsabilidades profesionais, combatendo o intrusismo profesional e contribuíndo a unha maior profesionalización das súas persoas colexiadas. Así, crease un espazo onde se xuntan os esforzos de todo o colectivo como ferramenta de participación e de inserción das nosas formulacións e reivindicacións ante o conxunto da sociedade, sendo o portavoz para facer análises e propostas concretas ás administracións. Neste senso, o COTSG apostou pola mellora da praxe profesional, pola reclamación de todas as eivas detectadas nos diferentes eidos de actuación, por loitar contra o intrusismo profesional, por velar pola legalidade de bases e procesos selectivos, cobertura de prazas, incumprimento de ratios...etc.

A defensa da profesión lévase a cabo en conxunto coa Asesoría Xurídica do COTSG. O Colexio pon a disposición de todas as persoas colexiadas un servizo gratuíto de Asesoría Xurídica, que presta a Letrada Julia Álvarez Martín, para facilitar a orientación e asesoramento legal en asuntos relacionados co exercicio da profesión.

Dende o Colexio Oficial de Trabajo Social de Galicia cremos na importancia de coñecer de antemán tanto os nosos dereitos como as nosas obrigas, así como as posibles consecuencias xurídicas das diferentes actuacións que levamos a cabo diariamente no noso traballo, sendo fundamental contar cun asesoramento legal que evite ou minore os problemas ou inconvenientes que xorden con certa periodicidade no devir das diferentes relacións e actos aos cales nos enfrontamos como traballadores e traballadoras sociais.



6.1.1. Defensa corporativa e da Boa Praxe



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

O Colexio de Traballo social de Galicia reafirma o seu compromiso na defensa do Traballo Social a través da colexiación obrigatoria, así como o seu posicionamento en contra do **#IntrusismoProfesional**.

A colexiación é obrigatoria para aqueles/as profesionais que traballen para unha administración pública ou desempeñen a súa actividade profesional de forma privada.

Colexiarse é un exercicio de responsabilidade de cada profesional. Unha garantía de compromiso deontolóxico e de boa praxe profesional. Así mesmo, a colexiación é un dereito: o dereito á representación dos nosos intereses, á promoción do papel dos/as traballadores/as Sociais na nosa sociedade e á ordenación do exercicio profesional.

En definitiva, o COTSG aposta por esta responsabilidade, traballando para defender a profesión e para que as persoas que se dedican ao Traballo Social se sintan representadas.

O COTSG, consolidado cunha colexiatura de máis de 3.000 persoas colexiadas, cremos que é momento de instar a aqueles/ as profesionais que non están colexiadas a que se colexien.

Neste senso, partindo do traballo realizado con carácter anual propoñemos desenvolvimos unha campaña específica de divulgación da colexiación. Dirixida tanto a profesionais, administracións, terceiro sector e universidades.

Asemade, outra acción neste eixe foi a Creación dun [Buzón de Queixas, reclamacións e suxerencias](#).

As colexiadas, colexiados e a cidadanía teñen dereito a dirixirse á Colexio Oficial para trasladarlle as queixas, demandas ou suxestións sobre calquera cuestión relacionada co funcionamento do Colexio, o Consello Xeral, os seus servizos, o Traballo Social, os servizos sociais ou a política social.

Polo tanto, o formulario creado tamén pretende ser unha ferramenta para DENUNCIAR de xeito sinxelo aqueles casos de **INTRUSISMO PROFESIONAL** que se coñezan. O COTSG vela así pola defensa da profesión co obxecto de erradicar actuacións irregulares en relación coa nosa disciplina. **#STOPIntrusismo**

As comunicacións recibidas mediante este procedemento serán tratadas de xeito confidencial e, serán analizada aos efectos exclusivos de asegurar que as demandas, denuncias, etc., sexan debidamente atendidas en tempo e forma.

6.1.2. Defensa ante a Administración Autonómica

O Colexio de Traballo Social é o encargado de velar pola defensa da profesión en todas as súas vertentes, debendo incidir naqueles aspectos que se consideren inxustos para a profesión e visibilizando sempre a súa presenza naqueles campos onde sexa imprescindible a súa figura.

Neste ano 2021 marcado pola situación sociosanitaria de pandemia derivada da COVID 19, este colexio profesional tivo que afrontar novas situacións de especial vulnerabilidade para as e os Traballadores sociais da nosa comunidade e para a totalidade da cidadanía.

No que ao eido sanitario se refire, cabe destacar que o Colexio continuou a esixir resposta e a inmediatez nas [vacinas das e dos profesionais do Traballo social](#) que desempeñaban a súa actividade laboral en primeira liña con persoas usuarias, á consellería de Sanidade.

QUINCENIL > ACTUALIDAD > GALICIA

Acusan a la Xunta de "desproteger" a personal y usuarios de servicios sociales

El Colegio Oficial de Trabajo Social de Galicia solicita que se vacuna al personal de Trabajo Social "que desarrolla funciones esenciales y de contacto estrecho con millares de personas usuarias"

La Región OURENSE | Los trabajadores sociales reclaman su turno en la vacunación

Acusan a la Xunta de "desproteger" a personal y usuarios de servicios sociales por "excluirlos" de la vacunación

Europa Press | Miércoles, 28 de abril de 2021, 18:44

#NosMedios

*Diversos medios
recolleron a postura
do COTSG
ante a vacunación*

6.1.2. Defensa ante a Administración Autonómica

Asemade, destacar que o Colexio esixiu ante a Campaña de Vacinación da Consellería de Sanidade, unha vez posta en marcha e baseándose no carácter de colectivo esencial, a vacinación de todo o persoal do Servizo de Axuda no Fogar, ampliando posteriormente a todo o colectivo de traballadores/as sociais e reiterándoo en numerosas ocasións.



A pesar da insistencia, este Colexio non recibiu a resposta agardada, continuando o colectivo co traballo en primeira liña de atención, tal e como xa se veu facendo dende o inicio da pandemia.

Nesta mesma liña, fixéronse achegas ao Plan de continxencia COVID do Sergas, solicitando que fora tida en conta a figura do/a traballador/a social sanitario/a nas unidades multidisciplinares de seguimento de Pacientes COVID-19, para garantir unha adecuada abordaxe integral.

6.1.2. Defensa ante a Administración Autonómica

Para darlle continuidade ao ámbito sanitario, o COTSG levou a cabo as seguintes actuacións:

- Presentáronse alegacións, xunto coa Asociación Estatal de Traballo social sanitario, á Carteira de Servizos de enfermería e medicina, ante a detección de solapamento de funcións propias do Traballo Social e para a incorporación da nosa figura.



- Así mesmo, e trala aprobación da Lei da regulación da Eutanasia, achegouse petición á Consellería de Sanidade, para a participación dos/as traballadores/as sociais nas Comisión Galega de Garantía e Avaliación da Eutanasia, como parte do equipo interdisciplinar. Ante a ausencia da presenza do traballo social na regulación desta Comisión, o [COTSG presentou demanda xudicial ao respecto](#).

6.1.2. Defensa ante a Administración Autonómica

Vista tamén a proposta de Estratexia Galega en Enfermidades Raras, o Colexio decidiu presentar tamén consideracións de mellora ante o borrador de Algoritmo de Atención Social a pacientes con enfermidades raras.

Relativo tamén á Consellería de Sanidade, pero neste caso en relación coa planificación e dotación de recursos humanos do SERGAS, o COTSG reclamou:

- Á Xerencia en Ourense a cobertura de prazas de Traballo Social publicadas no Plan de Saúde Mental Pos Covid 2020–2024,
- Cobertura da xefatura de servizo de traballo social na área sanitaria de Lugo, a Mariña e Monforte e Ferrol
- Garantía de transparencia e claridade nos chamamentos de cobertura de postos vacantes e temporais das listaxes de contratación.
- [Recurso potestativo de reposición](#) fronte a Resolución do 18 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso–oposición para o ingreso na categoría de Traballador/a Social dentro de sistema de saúde galego.


Presentáronse a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia, consideracións ante a modificación do Decreto de Ordenación da Atención Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e tamén, ante as xefaturas das diferentes áreas sanitaria, consideracións sobre a composición das unidades funcionais multidisciplinares de atención asistencial no SERGAS.

Outra das liñas específicas polo que o COTSG aposta, é o apoio á Rede galega de tratamento de adiccións, trala problemática presentada polos equipos interdisciplinares e a incertidume en canto á integración, debendo velar pola súa continuidade e reforzo. Así mesmo, e coa mesma liña, reiterouse en varias ocasións a petición de acceso aos aplicativos informáticos (IANUS) das/os Traballadoras/es, integradas no SERGAS, da Rede de Conductas aditivas da Xunta de Galicia.



6.1.2. Defensa ante a Administración Autonómica

Así mesmo, volvemos a mostrar o noso desacordo fronte a privatización o servizo de rastrexo da COVID-19 que ata o de agora viñan desempeñando profesionais acreditados como as e os profesionais do Traballo Social. Por outra banda, reivindicamos que a calidade dos servizos públicos se ve menoscabada polo feito de que moitos deles seguen sen obter unha efectiva volta a presencialidade na atención, establecendo sistemas de cita previa a través de Internet e teléfono e prexudicando así a moitas persoas en situación de risco e de vulnerabilidade, con dificultades de acceso aos sistemas informáticos, escaneo de documentación así como competencias necesarias para poder aportar e comprender toda a información requirida.



Unha aposta na que Xunta de Goberno puxo énfase, foi na posta en marcha dun novo modelo de coidados de promoción á autonomía persoal e unha política de coidados con carácter transversal e sólido, adaptada ás características de cada territorio e descentralizada.

Reclama a revisión do sistema tradicional e visibiliza as súas debilidades, deficiencias e necesidades.

A posta en valor da atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal constituíu tamén un dos grandes retos desta Xunta de Goberno.

Para visualizar esta situación, o Colexio elaborou unha [Análise do Sistema de Atención á Dependencia en Galicia](#). e un documento técnico de consideracións ante a modificación do Decreto 15/2010 que foi trasladado aos departamentos competentes da Consellería de Política Social.

6.1.2. Defensa ante a Administración Autonómica

Así mesmo, dentro desta temática puxo en valor a necesidade de mellora no Servizo de Axuda no Fogar. Considérase necesaria unha revisión deste servizo, xa que presenta numerosas eivas e deficiencias dende a implantación da Lei de Dependencia, xerando grandes dificultades tanto para os/as profesionais que prestan o servizo como para as persoas usuarias. Reclámase nesta liña a revisión da lexislación, a heteroxeneidade de criterios, a importancia da coordinación... Para isto estanse a facer todas as achegas posibles —mediante reunións presenciais e documentación interna— á Consellería de Política social, tanto de xeito específico deste servizo como en xeral do Sistema de Atención á dependencia e de coidados, en colaboración co Grupo de Traballo social e SAF conformado na entidade. De feito, crease unha mesa de Traballo de SAF e Comunitarios no que se comeza a traballar de xeito homoxéneo:

- Un modelo de ordenanza reguladora de SAF
- Un modelo de regulamento de SAF
- Un modelo de pregos de SAF

Neste senso, ante as numerosas consultas respecto á responsabilidade da/o Traballadora/or social como responsable de contrato de SAF, o Cotsg elabora un posicionamento ao respecto en conxunto coa asesoría xurídica. Para ver o documento [prema aquí](#).

6.1.2. Defensa ante a Administración Autonómica

O Colexio tamén está a esixir, en conexión co apartado 5.2. desta memoria, un Novo modelo de Sistema de Servizos Sociais, garantista en canto á dereitos subxectivos. Neste senso, cabe destacar o esforzo por unha inclusión plena e unha intervención social de calidade. Isto pasa pola desvinculación da tramitación, sobre todo daquelas xestións que non son parte nin propias do Sistema de Servizos Sociais, tales como as xa reclamadas medidas de reforzo do Ingreso Mínimo Vital, os bonos sociais eléctrico e térmico, etc. Neste senso:

- Elabórase e trasládase á Dirección Xeral de Inclusión social da Xunta de Galicia dun documento de Análise da Inclusión Social na Comunidade Autónoma Galega onde se plasman as eivas detectadas no sistema de Servizos Sociais actual.
- En relación coa aprobación do Ingreso Mínimo Vital, o COTSG reafirma o seu rexeitamento que converte ás e aos Traballadores sociais como ferramentas de control e certificación da pobreza. Para consultar [aquí](#) as consideracións feitas públicas polo COTSG.
- Así mesmo, o COTSG veuse na obriga de recordarlle as funcións da disciplina do Traballo social ás diferentes oficinas do INSS ante o coñecemento da desvirtuación por parte destes Organismos da praxe da nosa disciplina académica. Para ver o documento prema [aquí](#).




6.1.2. Defensa ante a Administración Autonómica

A esta aposta estrutural seguirá sendo unha das estratexias básicas e transversais do Colexio.

Tamén se presta atención a todas aquelas eivas que se observan nos Servizos Sociais, tanto Comunitarios básicos como específicos ou especializados. Destacar a reclamación da interpretación da Orde do 29 de decembro de 2020 que regula as AUXS, a reclamación da busca de medidas áxiles de axuste para a convivencia RISGA-IMV e evitar a xeración de cobros indebidos, as aportacións para a mellora do SIUSS, etc.

O Colexio de Traballo Social insta a Xunta a "usar os mecanismos legais" para que perceptoras da Risga non teñan que devolver cartos "por un problema da súa xestión"



#NosMedios

A prensa recolle a reivindicación do Colexio en defensa das persoas que perciben a RISGA

6.1.2. Defensa ante a Administración Autonómica

A nivel autonómico o COTSG tamén presta atención ás convocatorias de selección de persoal da Dirección xeral de Función Pública e da Consellería de Sanidade, velando polos dereitos do colectivo e polo cumprimento dos principios de mérito, igualdade, capacidade, transparencia e seguridade xurídica. Con relación a este punto indicar que o COTSG estivo durante todo o ano acompañando á Colexión nestes procesos e reivindicando ante Función Pública e SERGAS todas aquelas deficiencias e irregularidades que foron detectadas e valoradas.


- O COTSG solicita unha [aclaración ao tribunal cualificador](#) sobre as bases do proceso selectivo de técnicos facultativos de servizos sociais, especialidade de Traballo Social.
- O DOG publicou recentemente a ORDE do 10 de marzo de 2021 pola que se modifica o anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Neste documento, establécese a equivalencias entre as categorías profesionais do persoal laboral e as escalas de persoal funcionario. A antiga nomenclatura de asistente/a social abandónase en beneficio de traballador/a social, conforme a unha vella reclamación do colectivo que o COTSG asumiu e defendeu en varias ocasións.



6.1.2. Defensa ante a Administración Autonómica

O COTSG traballou con outros colexios profesionais de Galicia na elaboración dunha publicación onde recollemos propostas para dar resposta e superar a crise social e sanitaria que estamos a vivir por culpa da pandemia de COVID-19. [Consúltao aquí.](#)



A Federación Alzheimer Galicia xunto cos colexios profesionais de educación social (CEESG), Fisioterapeutas (COFIGA), psicoloxía (COPG), terapia ocupacional (COTOGA) e traballo social (COTSG) manifestan a súa preocupación pola falta de recursos terapéuticos desenvolvidos por equipos de profesionais especializados na atención ás demencias neurodexenerativas ([+ info](#))

6.1.3. Defensa ante a Administración Local

A entidade levou a cabo un seguimento durante este ano dos/as traballadores/as sociais á cargo da Administración Local, tanto no acceso aos postos que se convocan como nos dereitos que lles corresponden.

Para isto, revisáronse todas as convocatorias publicadas e velouse, como entidade de representación e mediante a **interposición de recursos**, polo cumprimento dos principios de acceso ao emprego público. O número de actuacións levadas a cabo polo COTSG nesta liña ascende a 69 (recursos potestativos de reposición, escritos de recomendación, solicitudes de información...).

Os motivos que ten recorrido o colexio de Traballo social nos procesos selectivos son os seguintes:

1. Por non valorar os cursos de formación impartidos polo Colexio profesional.
2. Reclamacións relativas á titulación de acceso esixida para o posto de Traballo Social.
3. Por vulnerar o principio de publicidade dos procesos selectivos por non publicar as Bases da Convocatoria nun Boletín Oficial.
4. Por unha incorrecta valoración da experiencia profesional.
5. Pola esixencia, como requisito de acceso ao proceso selectivo, de posuír un vehículo en propiedade.
6. Pola esixencia, como requisito de acceso ao proceso selectivo, de atoparse como demandante de emprego.
7. Por establecer unha puntuación excesiva e desproporcionada á entrevista persoal.
8. Por incumprir a lexislación relativa á protección de datos persoais.
9. Por non determinar ou concretar as probas que se realizarán no procedemento selectivo.
10. Por incumprir a taxa de reserva para persoas con discapacidade.
11. Por establecer uns dereitos de exame excesivos.
12. Por esixir achegar documentación compulsada para ser admitida a participar no proceso selectivo.
13. Por non adecuar a categoría profesional do posto á denominación de Traballador/a Social.

6.1.3. Defensa ante a Administración Local

Asemade, e á vista das carencias neste senso, o COTSG apostou pola elaboración e difusión dun modelo de bases para procedementos de selección de traballadores/as sociais dos SS.SS. Comunitarios da administración pública local de Galicia e pola elaboración dun documento de recomendacións e consideracións sobre as mesmas.

Tamén se fomentou o uso da listaxe de Tribunais do COTSG, garantindo a calidade dos procesos. O número de Concellos que contaron con Colexio para o nomeamento dos seus Tribunais ascendeu a 8.



6.2. Novo modelo do sistema de Servizos Sociais

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, apostou durante este ano por camiñar e traballar cara outro modelo, tendo en conta todos os cambios sociais das últimas décadas e visto que existen elevadas carencias en canto á protección social e á garantía de dereitos sociais á cidadanía. Un novo modelo de benestar apoiado en 6 pilares: servizos sociais, educación, sanidade, vivenda, emprego e garantía de rendas.

Neste senso, apostamos por un modelo de servizos sociais de carácter público, universal, garantista, cun enfoque totalmente comunitario, preventivo e descentralizado na atención social.

Debe dirixirse á garantía dunha serie de dereitos, orientados cara a autonomía persoal, a protección e a inclusión social, onde o Estado debe ser o principal garante destes dereitos, pero fomentando a participación activa, tanto das entidades de iniciativa social como da cidadanía na súa autodeterminación polo desenvolvemento dos mesmos.



6.2. Novo modelo do sistema de Servizos Sociais

O modelo organizativo debe de ser descentralizado en niveis; atención primaria, básica ou comunitaria, e atención especializada, onde prime a intervención social fronte á xestión prestacional (reducindo os trámites burocráticos prescindibles), potenciando a interacción humana e o enfoque proactivo. Deben poñerse a disposición do Sistema os medios materiais e humanos necesarios para complementar, interrelacionar e axilizar as posibilidades de cada servizo.

Para esta ambiciosa aposta, e co obxectivo de elaborar un diagnóstico do actual Sistema de SS.SS., **o COTSG creou neste 2021 un grupo de traballo experto** formado por 8 profesionais dos diferentes eidos de actuación.

A colaboración que se pretendía levar a cabo entre o COTSG (a través do Grupo de Traballo) e o **Departamento de Análise e Intervención Psicoeducativa da Universidade de Vigo** non foi posible polo momento e pretende ter cabida no seguinte candidatura de Xunta de Goberno.

Así mesmo, a vogal Ana Vilar traballou neste novo Modelo a nivel estatal en colaboración co Consello Xeral de Traballo social.



6.3. Representación da profesión - relacións institucionais

Actualmente o COTSG forma parte do Consello Sectorial de Saúde de A Coruña, Consello Sectorial de Inclusión de A Coruña, Comisión de Violencia de Xénero de Ourense, Consello Técnico de Atención Primaria, Consello galego de Saúde, Consello Sectorial de Familia, Benestar social e Igualdade, Conselleiro Galego de Benestar social. Observatorio Galego de Violencia de Xénero, etc.

Continuamos a ocupar espazos onde creemos que o Traballo social galego debe de estar, como nas Comisións de Reconstrucións socioeconómicas, representación no Sistema central de saúde, etc. Asemade, o COTSG participa en:

- Xuntanza coa Universidade de Vigo para dar comezo á diagnose do Sistema de Servizos Sociais na Comunidade Autónoma galega.
- 1ª Xuntanza coa Dirección Xeral de Inclusión, Xunta de Galicia, para trasladar achegas desde a profesión cara unha recuperación social e económica da nosa comunidade. Desde o COTSG alértase da situación do sistema de Servizos sociais e reclámase reforzar os servizos con profesionais de xeito urgente.




6.3. Representación da profesión - relacións institucionais



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia


- O COTSG acude á Asemblea Xeral do Consello Xeral de Traballo Social
- Comezan as xuntanzas cos Grupos políticos, a primeira co PSdeGalicia para reivindicar dende a profesión o Traballo social.
 - Un Sistema Público de #ServizosSociais de calidade e cohesionados que garantan a protección en colectivos especialmente vulnerables, como a Infancia e adolescencia e atención ás persoas con dependencia.
 - Garantir unha cobertura e estrutura do sistema de calidade, incrementando ratios de atención e poñendo en valor a Intervención e interacción social.



- O COTSG reúnese con Olalla Rodil, do Bloque Nacionalista Galego para trasladarlle as eivas existentes no Sistema de Servizos sociais
- A Técnica Nerea Fernández e a Traballadora social Karina Pérez, participan no Seminario de Boas prácticas da psicoloxía e do social para a atención das mulleres que sofren violencia de xénero, proxecto CONSENSUS.
- A vogal Ana Vilar participa na reunión conxunta do Consejo General del Trabajo Social cos Colexios Profesionais para analizar o desenvolvemento do Ingreso Mínimo Vital, a implicación dos Servizos Sociais na xestión da prestación e o papel das e dos profesionais do Traballo Social. Durante a xornada debateuse sobre o modelo de certificado que se solicita aos Servizos Sociais para acreditar determinadas situacións de vulnerabilidade.

6.3. Representación da profesión - relacións institucionais

- A vogal Ana Vilar participa na reunión conxunta do Consejo General del Trabajo Social cos Colexios Profesionais para analizar o desenvolvemento do Ingreso Mínimo Vital, a implicación dos Servizos Sociais na xestión da prestación e o papel das e dos profesionais do Traballo Social. Durante a xornada debateuse sobre o modelo de certificado que se solicita aos Servizos Sociais para acreditar determinadas situacións de vulnerabilidade.



6.3. Representación da profesión - relacións institucionais



- As técnicas Nerea Fernández e Emma Lamas asisten á xuntanza virtual do Consello Xeral sobre o Informe estatal da situación dos Servizos sociais.
- Reunión dos colexios profesionais coa Rede de Trastornos aditivos de Galicia
- A vogal Ana Vilar xunto coa presidenta do Consello Xeral, Emiliana Vicente, asisten á reunión coa Dirección General de Diversidad Familiar y Servicios sociales, para trasladarlle as eivas detectadas respecto ao IMV.
- A Presidenta, Miriam Rodríguez e a vogal Ana Vilar como integrantes e vogais do Consello Xeral de Traballo Social participan na elaboración deste posicionamento acerca do denominado "Pin Parental", podes lelo [na seguinte ligazón](#)
- Reunión coa Dirección Xeral de xustiza e a Secretaría Xeral de Igualdade para trazar liñas de colaboración na mellora da atención ás mulleres e persoas a carga que viven unha situación de violencia de xénero.
- Asemblea Xeral 2021
- O Colexio de Traballo Social reúnese coa Dirección Xeral de Inclusión social para trasladar as achegas e inquiredanzas desde a profesión cara un modelo forte e estable, abordar a reforma da Lei de Inclusión Social de Galicia e trasladar propostas para a mellora do Sistema de Servizos Sociais galegos, subliñando ambas entidades a profesionalidade e esforzo das e dos profesionais do Traballo social ante un sistema sobrecargado [\(+info\)](#)
- Reunión coa universidade de Vigo para o Deseño e Avaliación do Novo Modelo de Servizos Sociais.

6.3. Representación da profesión - relacións institucionais



- Reunión intercolexial cos Colexios estatais que dispoñen de **Comisión deontolóxica**
- A coordinadora do COTSG, Nerea Fernández, acude á xuntanza organizada pola **Casa Xohana Torres** coas demais entidades da Cidade de Santiago de Compostela co obxecto de tecer redes dentro do tecido asociativo feminista.
- A vogal Silvia Sanjurjo participa na “**Xornada de debate no Náutico do Freixo: Perspectivas e perspectivas da Galicia postcovid**” como integrante na mesa “Os efectos sociais da pandemia. E agora que?”.
- A Xunta de Goberno e o COTSG reúnense coa **Universidade de Vigo** respecto ao diagnóstico da situación dos Servicios sociais comunitarios na Comunidade Autónoma de Galicia
- Reunión coas Traballadoras sociais das **Oficinas de Atención ás Vítimas dos Xulgados**.
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia reúnese de novo coa **Dirección Xeral de Inclusión social** para trasladarlle as propostas iniciais traballadas en conxunto cos **Grupos de Traballo Social e Servizos Sociais máis o Grupo de Traballo de Inclusión Social**, en canto á inminente reforma da Lei de inclusión. Para acceder as Propostas preme [aquí](#).



6.3. Representación da profesión - relacións institucionais



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

- O COTSG en colaboración coa Deputación de Lugo, presentamos a proxección do Documental “A vivenda. Un Ben Social?”.
- O documental ‘A vivenda, un ben social?’, dirixido por Sagrario Fernández e Xosé Bocixa, aborda o dereito a un fogar digno en Galicia desde a ollada do Traballo Social. No documental, achéganse testemuñas de persoas usuarias e de profesionais dos servizos sociais, así como de académicas/os e políticas/os.
- Para ver o documental prema aquí
- de Vigo para o Deseño e Avaliación do Novo Modelo de Servizos Sociais.

- O COTSG en colaboración coa Deputación de Lugo, presentamos a proxección do Documental “**A vivenda. Un Ben Social?**”.
- O documental ‘A vivenda, un ben social?’, dirixido por Sagrario Fernández e Xosé Bocixa, aborda o dereito a un fogar digno en Galicia desde a ollada do Traballo Social. No documental, achéganse testemuñas de persoas usuarias e de profesionais dos servizos sociais, así como de académicas/os e políticas/os.. Para ver o documental [prema aquí](#)



6.3. Representación da profesión - relacións institucionais



As integrantes da Comisión deontolóxica acoden á **I Xornada das Comisións Deontolóxicas de Traballo Social**



O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia reúne coa **Secretaría Xeral Técnica e co Subdirector Xeral de dependencia e valoración da discapacidade** co obxectivo de trazar liñas de colaboración ante a inminente reforma do Decreto que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do PIA e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes

Accede a todo o tratado na reunión [aquí](#)



6.3. Representación da profesión - relacións institucionais



O COTSG organiza A Xornada 25N: Traballo Social Feminista Contra As Violencias Machistas

XORNADAS 25N: TRABALLO SOCIAL FEMINISTA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

23/11/2021 ÁS 19:30 DIRECTO EN INSTAGRAM
ADORACIÓN VARAS NOGUEROL
Traballadora Social na Oficina de Atención ás Vítimas de Violencia (OAV) de Vigo.

24/11/2021 ÁS 20:00 DIRECTO EN INSTAGRAM
LORENA ÁLVAREZ
Traballadora Social. Coordinadora do Servizo de Traballo Social en Ecos do Sur.

25/11/2021 ÁS 20:00 DIRECTO EN INSTAGRAM
MARÍA JOSÉ NÓVOA RODRÍGUEZ
Traballadora Social. Directora Técnica Xeral e Directora da Vivenda Tutelada para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero con Enfermidade Mental na Asociación de Axuda ao enfermo mental "A Mariña".

Organiza: Colexio de Traballo Social de Galicia

O secretario Antonio Doval recolle a Medalla de Ouro da Cidade de Lugo como homenaxe e recoñecemento a atención social prestada durante a pandemia



6.4. Área de coñecemento

Este documento recompila as actividades formativas levadas a cabo polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia durante o ano 2021, así como outras actividades complementarias e/ou de apoio á formación desenvolvidas.

As actividades de formación divídense en 4 apartados:

- **Cursos de Teleformación** (Convocatoria Teleformación 2021): Desenvolvéronse 6 accións de carácter básico, non especializado, que se desenvolven na modalidade de teleformación. Teñen como obxectivo favorecer a accesibilidade á formación das persoas colexiadas a través dun sistema flexible que permite conciliar a vida laboral, familiar e formativa. Esta formación vai dirixida, principalmente, ás persoas recentemente colexiadas, tituladas ou ás que se atopan en situación de desemprego co fin de ampliar a súa formación e os posibles campos de traballo, conxugando a formación demandada a un custo asequible. En paralelo, tamén se consegue promover a participación das persoas colexiadas na práctica docente.
- **Cursos Estratéxicos**: Programáronse 8 cursos de formación especializada en áreas ou materias de interese profesional amplo, en modalidade semipresencial. Trala situación de crise sanitaria, iniciada en marzo de 2020, mudou a modalidade formativa e, ante a inexistencia de garantías para programar sesións de formación presencial nesta anualidade, continuouse coa formación en modalidade virtual, evitando a presencialidade.
- **Pílulas formativas / Webinars**: No ano 2021, impartíronse 9 pílulas formativas que permitiron afondar en coñecementos específicos de diversas áreas de interese para a colexiación. Adicionalmente, e como fórmula para dar continuidade aos Encontros Virtuais celebrados no ano 2020, celebráronse 4 webinars. Estas formación foron concibidas como un espazo de entrevistas con profesionais destacados do Traballo Social, plantexados como charlas específicas nun ámbito concreto sobre unha temática de actualidade, de curta duración e impartidas por un /unha profesional de referencia con coñecementos específicos na materia.
- **Formación desenvolvida en colaboración con outras entidades**: Formación especializada subvencionada por entidades externas (Administracións Públicas, institucións ou empresas), tamén en modalidade online combinada con sesións virtuais. Ao longo do ano 2021, executáronse 8 accións formativas no marco de diversos convenios de colaboración e/ou subvencións.



6.4.1. Formación en cifras



35

accións formativas programadas, das cales:

- 33 realizadas
- 2 canceladas

1.650

persoas participantes

1.094

horas de formación impartidas

51

docentes

8,7

puntos sobre 10 (valoración media da formación)

6.4.2. Cursos de teleformación



METODOLOXÍA DO MMARCO LÓXICO APLICADA A PROXECTOS SOCIAIS

Docencia: Diana Escobar Arias. Col. 3769

 DURACIÓN	50 Horas
 MODALIDADE	Teleformación
 DATAS	1 de febreiro ao 26 de marzo
 INSCRICIÓNS	25
 PARTICIPANTES	21
 GRAO DE SATISFACCIÓM	8,3



TRABALLO SOCIAL E SENIOR COHOUSING

Victoria Abadía Calpena. Col. 2533

 DURACIÓN	100 Horas
 MODALIDADE	Teleformación
 DATAS	15 de febreiro ao 14 de marzo
 INSCRICIÓNS	34
 PARTICIPANTES	34
 GRAO DE SATISFACCIÓM	9,0



FORMACIÓN PARA A DOCENCIA. O LABOR DOCENTE E FORMATIVO DESDE O TRABALLO SOCIAL

Alexia Peteiro Mata. Colex. 2566

 DURACIÓN	100 Horas
 MODALIDADE	Teleformación
 DATAS	8 abril - 30 xuño
 INSCRICIÓNS	23
 PARTICIPANTES	19
 GRAO DE SATISFACCIÓM	9,0

6.4.2. Cursos de teleformación



CREACIÓN E XESTIÓN DE CENTROS DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES

Lucía Fandiño,
Col. 2196 | Sonia
Castro, Col.
3352 | Noelia
Riño, Psicóloga

	DURACIÓN	100 Horas
	MODALIDADE	Teleformación
	DATAS	3 maio-30 xuño
	INSCRICIÓNS	44
	PARTICIPANTES	37
	GRAO DE SATISFACCIÓM	8,2



RESPONSABILIDADE SOCIAL DE XÉNERO

María Soliño,
Col. 3181

	DURACIÓN	100 Horas
	MODALIDADE	Teleformación
	DATAS	15 xuño -15 outubro
	INSCRICIÓNS	14
	PARTICIPANTES	9
	GRAO DE SATISFACCIÓM	7,4



INTELIXENCIA EMOCIONAL APLICADA AO C. DEONTOLÓXICO DO T. SOCIAL

Emma María
Seoane Uzal,
Col. 1057

	DURACIÓN	50 Horas
	MODALIDADE	Teleformación
	DATAS	16 setembro-31 outubro
	INSCRICIÓNS	25
	PARTICIPANTES	19
	GRAO DE SATISFACCIÓM	9,7

6.4.2. Cursos de teleformación



TRABALLO SOCIAL FORENSE EN PROCESOS CIVÍS E PENAIS. INTERVENCIÓN CON MENORES (2ª ED.)

Flor Redondo.
Traballadora Social Forense.

	DURACIÓN	65 Horas
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	15 marzo – 7 maio
	INSCRICIÓNS	21
	PARTICIPANTES	18
	GRAO DE SATISFACCIÓM	9,4

MARKETING E XESTIÓN DE REDES SOCIAIS APLICADO AO TRABALLO SOCIAL

Chío Infante.
Experta Marketing Dixital (Venditos Axencia Creativa)

	DURACIÓN	50 Horas
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	Marzo-Abril (Cancelado)
	INSCRICIÓNS	6
	PARTICIPANTES	-
	GRAO DE SATISFACCIÓM	-

ANÁLISE E RESOLUCIÓN DE SITUACIÓNS PROBLEMÁTICAS E ESCENAS TEMIDAS NA INTERVENCIÓN SOCIAL

David Mustieles.
Traballador Social Clínico. Terapeuta Familiar.

	DURACIÓN	20 Horas
	MODALIDADE	Vídeoconferencia
	DATAS	12 abril -26 maio
	INSCRICIÓNS	19
	PARTICIPANTES	15
	GRAO DE SATISFACCIÓM	9,1



Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

6.4.2. Cursos de teleformación



CÓMO FACER UN INFORME SOCIAL

Jonathan Regalado.
Traballador Social Clínico,
Doutor en Psicoloxía

	DURACIÓN	100 Horas
	MODALIDADE	Videoconferencia
	DATAS	10 maio - 19 setembro
	INSCRICIÓNS	45
	PARTICIPANTES	32
	GRAO DE SATISFACCIÓM	8,3



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia



XESTIÓN E COORDINACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO (2ª ED.)

María Puga, Col. 1473 | Mónica Rodríguez, Col. 752 | Yolanda Vilar, Col. 2095

	DURACIÓN	35h
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	1 xuño - 25 xuño
	INSCRICIÓNS	26
	PARTICIPANTES	26
	GRAO DE SATISFACCIÓM	9,0



MELLORA DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS A TRAVÉS DA ABORDAXE HUMANISTA GESTALT

Lara Rodríguez,
Educatora social e
terapeuta Gestalt | **Iria Conde,**
Traballadora Social,
Psicóloga e
terapeuta Gestalt

	DURACIÓN	12,5 Horas
	MODALIDADE	Videoconferencia
	DATAS	9 xuño - 8 xullo
	INSCRICIÓNS	13
	PARTICIPANTES	11
	GRAO DE SATISFACCIÓM	8,1

6.4.2. Cursos de teleformación



TÉCNICAS E FERRAMENTAS PARA O TRABALLO SOCIAL CON GRUPOS

Maitane Ortega, Traballadora Social | Lorena Pla, Traballadora Social

	DURACIÓN	20 Horas
	MODALIDADE	Videoconferencia
	DATAS	Setembro-Outubro (Cancelado)
	INSCRICIÓNS	3
	PARTICIPANTES	-
	GRAO DE SATISFACCIÓM	-



INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS QUE PRESENTAN PROBLEMAS RELACIONADOS CO CONSUMO DE DROGAS E OUTRAS SUBSTANCIAS ADICTIVAS

María Luisa Parda, Col. 660 | Irene Alonso, Orientadora laboral | Julia García, Col. 72 | Marta Bobadilla, Col. 668

	DURACIÓN	30h
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	2 novembro - 30 novembro
	INSCRICIÓNS	13
	PARTICIPANTES	11
	GRAO DE SATISFACCIÓM	8,1

6.4.4. Pílulas formativas/webinars



Pílula [TRIBUNAIS E PROCESOS SELECTIVOS]

Cristina Díaz, Col. 1878

	DURACIÓN	1,5h
	MODALIDADE	Virtual
	DATAS	25 febreiro
	INSCRICIÓNS	31
	PARTICIPANTES	20
	GRAO DE SATISFACCIÓM	8,5

6.4.2. Cursos de teleformación



Pilula [FISCALIDADE BÁSICA EN TRABALLO SOCIAL E FACTURACIÓN. TEORÍA E PRÁCTICA]

Rafael Vázquez. Economista. | Marta Carro. Col.3362, experta en Admón. Empresas.

	DURACIÓN	2 Horas
	MODALIDADE	Virtual
	DATAS	2 marzo
	INSCRICIÓNS	35
	PARTICIPANTES	19
	GRAO DE SATISFACCIOM	9,6

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia



Pilula [AUTODEFENSA LABORAL. SECTOR PÚBLICO E PRIVADO]

Julia Álvarez, Avogada

	DURACIÓN	2 Horas
	MODALIDADE	Virtual
	DATAS	3 marzo
	INSCRICIÓNS	43
	PARTICIPANTES	18
	GRAO DE SATISFACCIOM	8,1









Webinar [EMPRENDER EN TRABALLO SOCIAL. O EXERCICIO LIBRE DA PROFESIÓN]

Javier Espinosa, Traballador Social, fundador de Jábega Social





	DURACIÓN	1,5h
	MODALIDADE	Virtual
	DATAS	11 de marzo
	INSCRICIÓNS	42
	PARTICIPANTES	32
	GRAO DE SATISFACCIOM	8,5

6.4.2. Cursos de teleformación



Pílula FORMACIÓN PRÁCTICA EN FERRAMENTAS DIXITAIS [ZOOM]		Ana Adán. Docente de ferramentas dixitais
 DURACIÓN	2 Horas	
 MODALIDADE	Videoconferencia	
 DATAS	23 xuño	
 INSCRICIÓNS	35	
 PARTICIPANTES	19	
 GRAO DE SATISFACCIÓM	9,5	

Pílula FORMACIÓN PRÁCTICA EN FERRAMENTAS DIXITAIS [TRELLO]		Ana Adán. Docente de ferramentas dixitais
 DURACIÓN	2 Horas	
 MODALIDADE	Videoconferencia	
 DATAS	30 xuño	
 INSCRICIÓNS	44	
 PARTICIPANTES	24	
 GRAO DE SATISFACCIÓM	7,8	

Pílula FORMACIÓN PRÁCTICA EN FERRAMENTAS DIXITAIS [GOOGLE]		Avelino Correa. Emprendedor e Consultor TIC. Formador en competencias dixitais.
 DURACIÓN	2 Horas	
 MODALIDADE	Videoconferencia	
 DATAS	8 xullo	
 INSCRICIÓNS	42	
 PARTICIPANTES	22	
 GRAO DE SATISFACCIÓM	8,6	

6.4.2. Cursos de teleformación



(*) NOTA: Dirixida ás persoas precolexiadas na EUTS.

Pílula [MERGÚLLATE NO MATIASS: CÓMO OPTIMIZAR O SEU USO]
Ana Fungueiriño, Técnica do MATIASS

DURACIÓN	2 Horas
MODALIDADE	Virtual
DATAS	2 xuño
INSCRICIÓNS	18 (*)
PARTICIPANTES	10
GRAO DE SATISFACCIÓM	-

Pílula [INTRODUCCIÓN AO INFORME PERICIAL SOCIAL]
Mónica Rodríguez, Col. 752

DURACIÓN	2 Horas
MODALIDADE	Virtual
DATAS	3 xuño
INSCRICIÓNS	19 (*)
PARTICIPANTES	11
GRAO DE SATISFACCIÓM	-

Pílula [ORIENTACIÓN LABORAL PARA O EXERCICIO DO TRABALLO SOCIAL]
Diana Muñoz, Traballadora Social e psicóloga social

DURACION	1,5 Horas
MODALIDADE	Virtual
DATAS	12 maio
INSCRICIÓNS	20*
PARTICIPANTES	14
GRAO DE SATISFACCIÓM	-

Pílula formativa
Orientación laboral para o exercizo do traballo social

Xuño 2021
 De 16h a 17,30h

(*) NOTA: Dirixida ás persoas precolexiadas na EUTS.

6.4.2. Cursos de teleformación



Webinar [LEI DA EUTANASIA: DEREITOS DO PACIENTE AO FINAL DA VIDA]		Noelia Ordieres, Traballadora Social
DURACIÓN	2 Horas	
MODALIDADE	Virtual	
DATAS	27 maio	
INSCRICIÓNS	66	
PARTICIPANTES	40	
GRAO DE SATISFACCIÓN	9,4	



Webinar [PROBLEMAS FRECUENTES NOS INTERNAMENTOS INVOLUNTARIOS RESIDENCIAIS. RETOS DA NOVA LEI 8/2021 DESDE A PERSPECTIVA DO TRABALLO SOCIAL]		Roberto Soto Sola, Maxistrado do Xulgado de 1ª Instancia de Santiago de Compostela Fuencisla Ladrón de Cegama, Fiscal da Fiscalía da área de Santiago de Compostela
DURACIÓN	2 Horas	
MODALIDADE	Virtual	
DATAS	13 outubro	
INSCRICIÓNS	356	
PARTICIPANTES	206	
GRAO DE SATISFACCIÓN	8,4	



Pílula [ORIENTACIÓN LABORAL PARA O EXERCICIO DO TRABALLO SOCIAL]		Carmina Puig, Profesora de Traballo Social
DURACIÓN	2 Horas	
MODALIDADE	Virtual	
DATAS	18 outubro	
INSCRICIÓNS	90	
PARTICIPANTES	32	
GRAO DE SATISFACCIÓN	8,5	

Formación realizada ao abeiro da subvención concedida pola Deputación da Coruña no marco do Programa de subvencións a entidades para actividades de promoción económica durante o ano 2021 (FOENAA/2021)

Sonia Piñeiro. Sub-
Xeral de SS.SS
Comunitarios e Xestión
Económica. (D.X.
Inclusión Social. Xunta
de Galicia) | Ana
Funqueiriño. Técnica
do MATIASS.

Webinar [PRESENTACIÓN DO NOVO PORTAL DO MATIASS]

	DURACIÓN	1,5 Horas
	MODALIDADE	Virtual
	DATAS	14 decembro
	INSCRICIÓNS	183
	PARTICIPANTES	91
	GRAO DE SATISFACCIÓM	8,5

Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

6.4.5. Formación en colaboración

INTRODUCCIÓN Á ETICA DA INTERVENCIÓN SOCIAL (DEPUTACIÓN CORUÑA)

José Antonio Seoane, Catedrático de Filosofía do Dereito. UDC. | María José Salvador, Graduada en Traballo Social. Profesora Asociada na Universidade de Valladolid | Natividad de la Red, Traballadora social. Doutora en CC.PP e Socioloxía.

	DURACIÓN	36 Horas
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	23 marzo - 25 maio
	INSCRICIÓNS	20
	PARTICIPANTES	14
	GRAO DE SATISFACCIÓM	8,4

PERSOAS SEN FOGAR E FEMINIZACIÓN DA POBREZA

Sonia Mariscal, T. Social | Pablo Sánchez, Col. 1557

	DURACIÓN	50 Horas
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	28 marzo - 7 maio
	INSCRICIÓNS	105
	PARTICIPANTES	84
	GRAO DE SATISFACCIÓM	9,1

Formación realizada en colaboración coa Consellería de Política Social (D.X. Inclusión) no marco do Contrato menor para o Servizo de formación especializada dirixida ao persoal dos SS.SS Comunitarios (2020-2021)

6.4.5. Formación en colaboración



Formación realizada en colaboración coa Consellería de Política Social (D.X. Inclusión) no marco do Contrato menor para o Servizo de formación especializada dirixida ao persoal dos SS.SS Comunitarios (2020-2021)

INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA EN SAÚDE MENTAL E INCLUSIÓN

Eva Garcés, T. Social

	DURACIÓN	50 Horas
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	12 abril -14 maio
	INSCRICIÓNS	85
	PARTICIPANTES	64
	GRAO DE SATISFACCIÓM	9,5



Formación realizada en colaboración coa FEGAMP (Curso 22).

INTRODUCCIÓN Á ÉTICA DA INTERVENCIÓN SOCIAL (FEGAMP)

José Antonio Seoane, Catedrático de Filosofía do Dereito. UDC. | María José Salvador, Graduada en Traballo Social. Profesora Asociada na Universidade de Valladolid | Natividad de la Red, Traballadora social. Doutora en CC.PP e Socioloxía.

	DURACIÓN	36 Horas
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	7 setembro - 28 outubro
	INSCRICIÓNS	20
	PARTICIPANTES	13
	GRAO DE SATISFACCIÓM	8,1



Formación desenvolvida no marco do Convenio entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda social, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.

INTERVENCIÓN SOCIAL CON MULLERES E NENOS/AS VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL

Chus Olivares, Traballadora social | José Carlos Noya Muñiz, Inspector do Corpo de Policía Nacional | Julia Álvarez, Avogada | Elena Molanes, Traballadora Social | Julia Álvarez, Avogada | Marta Carro, Traballadora Social

	DURACIÓN	50 Horas
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	25 outubro- 24 novembro
	INSCRICIÓNS	69
	PARTICIPANTES	59
	GRAO DE SATISFACCIÓM	8,7

6.4.5. Formación en colaboración



Formación realizada ao abeiro da subvención concedida pola Deputación da Coruña no marco do Programa de subvencións a entidades para actividades de promoción económica durante o ano 2021 (FOENAA/2021)

TRABALLO SOCIAL EN EJERCICIO LIBRE

Ángela Montoya,
T. Social | Loli
Rodríguez, T.
Social

	DURACIÓN	70 Horas
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	15 outubro - 15 decembro
	INSCRICIÓNS	13
	PARTICIPANTES	11
	GRAO DE SATISFACCIÓM	8,3



Formación realizada ao abeiro da subvención concedida pola Deputación da Coruña no marco do Programa de subvencións a entidades para actividades de promoción económica durante o ano 2021 (FOENAA/2021)

[Curso Introdutorio] A SUPERVISIÓN: UN INSTRUMENTO PARA A CALIDADE DA INTERVENCIÓN SOCIAL E O AUTOCOIDADO DOS/AS PROFESIONAIS

Carmina Puig, Profesora de Traballo Social, Licenciada en Psicoloxía e Doutora en Antropoloxía Social e Cultural

	DURACIÓN	12 Horas
	MODALIDADE	Online con sesións virtuais
	DATAS	8 novembro - 22 novembro
	INSCRICIÓNS	13
	PARTICIPANTES	10
	GRAO DE SATISFACCIÓM	9,3



6.4.6. Actividades de apoio á formación

- Participación, xunto coa Técnica da Área de Defensa da Profesión, na Pilula de Presentación do COTSG para a EUTS (19/11/2021).
- Organización e participación na curso de formación interna para o persoal do COTSG a través da FUNDAE (Fundación Estatal para la Formación en el Empleo) sobre “9 accións para traballar a Intelixencia Emocional en Equipo” de 6h de duración, celebrado desde o 10 ao 26 de xuño de 2021.
- Preparación e xestión da Convocatoria de Cursos de Teleformación 2022.
- Máis de 450 accións de formación externa publicadas.
- Resposta a consultas de dúbidas/asesoramento relacionadas con Formación.
- Resposta a consultas profesionais e/ou derivación.

6.4.6. Publicacións-Revista Fervenzas



O COTSG ven publicando desde o ano 1997 a Revista Galega de Traballo Social Fervenzas, con periodicidade anual, co obxecto de promover espazos de reflexión, formación e divulgación profesional así como potenciar o rigor, a profesionalidade e o desenvolvemento teórico/práctica da profesión do traballo social.

A revista, que se publica tanto en formato en papel como formato pdf a través da web do COTSG, está dirixida principalmente á colexiación, a outros colexios profesionais e universidades, a administracións, empresas e axentes do terceiro sector, así como ás persoas interesadas en xeral, xa que se pretende achegar o quefacer do traballo social a toda a cidadanía.

Asemade, o COTSG conta cunha equipa de carácter estable, a mesa de redacción, para a revisión dos artigos, elaboración e aprobación das normas de publicación e outros documentos relativos á revista.

Para desenvolver o proceso de elaboración e publicación de Fervenzas é preciso levar a cabo unha actuación coordinada cos axentes implicados (autoras e autores interesados en publicar, mesa de redacción, responsable da revista, política lingüística e imprenta).

Os obxectivos operativos e o desglose de actividades a implementar para este fin están en liña coas fases do proceso e son as que se describen de seguido. MEMORIA 2021 RGTS Fervenzas – Sinalar que no primeiro trimestre do ano 2021 coincidiron no tempo a primeira fase de elaboración do nº 24 de Fervenzas coa última fase do nº 23, iniciada no ano 2020.

6.4.7. Fases do proceso de elaboración de Fervenzas

Fase I: Preparación da publicación: • Reunión da mesa, se procede. • Elaboración de anuncio de apertura de prazo para a presentación de traballos. • Difusión na web e fio do anuncio de apertura do prazo e da ligazón para os autores á solicitude.

Fase II: Recepción de artigos • Primeira revisión de cuestións formais (extensión, encaixe na sección, formato e estrutura) • Contacto cos autores/as se procede. • Seguemento do proceso

Fase III. Revisión Fervenzas

1. Convocatoria de reunión da mesa de redacción, enviada o 10/09/2021, xunto coa folla de seguemento dos artigos recibidos e as seccións da revista pendentes de contido.
2. Reunión e posta en común da revisión dos textos da mesa de redacción. Tivo lugar o día 28/9/2021, de 17:00 a 19:30 h a través de Zoom. Asistentes: M^a Xosé Vázquez Vázquez, Malena Puñál Romarís, Diana Escobar Arias, por parte da mesa, así como Tamara e Ana Fungueirño por parte do COTSG. Ademais da MEMORIA 2021 RGTS Fervenzas – revisión dos artigos concretouse proposta de formación de Fervenzas Acórdase propoñer unha pirula ou webinar de unha hora aprox. sobre a importancia da necesidade de sistematizar a praxe profesional e a mellora das destrezas para a transferencia dese coñecemento á escrita, así como dun curso–obradoiro máis extenso (40 h aprox.) sobre a estrutura de artigos de investigación, mellora da redacción, etc. Tamén da necesidade de darlle maior visibilidade á revista, considerándose por parte da mesa que se debería enfocar o tema desde un proxecto máis amplo, xa que o problema non é só de linguaxe, senon de accesibilidade aos artigos de xeito individual, polo que sería necesaria a dixitalización da mesma (proposta recollida no plan de actividades para 2021 da revista). Asimesmo, abordouse a necesidade de recuperar contacto co mundo académico para que publiquen en Fervenzas ademais de noutras revistas que “puntuán máis”. Acordouse como primeiro paso seguir dándolle difusión aos artigos nas redes sociais do COTSG con enlace unicamente ao artigo concreto.

6.4.7. Fases do proceso de elaboración de Fervenzas

3. Elaboración da acta da reunión e envío da mesma á mesa de redacción o día 29/9/2022.
4. Envío das recomendacións contidas na acta ás autores/as para corrección ou mellora segundo as propostas da mesa, dándose de prazo ata o 2/11/2022 para a emenda.
5. Recepción dos artigos modificados e envío de textos aceptados a Política Lingüística para revisión do galego, con data 19/11/2022.
6. Envío a imprenta con data 27/1/2022.
7. Revisión de textos en fase de maquetación previa á impresión.
8. Validación previa a impresión MEMORIA 2021 RGTS Fervenzas –

Fase IV. Publicación e Distribución • Supervisión a través da plataforma dos certificados de autor/a (sinatura por parte do secretario e posta a disposición para os autores no seu sitio/perfil se son colexiados/as e seguemento do envío automático a correo da autora ou autor no caso de non colexiados. • Preparación dos envíos para a súa distribución pola empresa • Publicación na web do COTSG da revista en formato PDF • Envío dos textos a Dialnet.

Reunión-encontro online de Revistas científicas de colexios profesionais organizada polo Consejo General del Trabajo Social. Xunto a Fervenzas Revista Galega de Traballo Social estiveron outras publicacións como Trabajo Social Hoy, Ts Nova, DTS y TS difusión, Transformación, Servicios Sociales y Política Social, co obxectivo ver puntos en común, posibles liñas de colaboración ou estratexias de publicación.

Na reunión, que ten vocación de continuidade, tratáronse temas de interese para as mesas e consellos de redacción das distintas revistas de cara á mellora dos procesos de publicación, difusión ou motivación para escribir e captación de artigos

6.4.7. Fases do proceso de elaboración de Fervenzas

Campaña en Redes para instar á colexiación a remitir artigos científicos:



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

A túa palabra **SOCIAL** importa

Colabora no vindeiro número da Revista
Galega de Traballo Social
FERVENZAS

Podes enviar artigos, reseñas, entrevistas...

1. Enriquece a teoría en Traballo Social



Aberto o prazo
para a recepción
de artigos na
revista Fervenzas
ata o 31 de agosto

2. Moita innovación agóchase na práctica cotiá, e nunca se chega a coñecer



Aberto o prazo
para a recepción
de artigos na
revista Fervenzas
ata o 31 de agosto

Aberto o prazo para a recepción de artigos na revista Fervenzas ata o 31 de agosto

¿Por qué é importante escribir sobre a praxe?



Aberto o prazo
para a recepción
de artigos na
revista Fervenzas
ata o 31 de agosto

3. Tecemos rede. Quizáis leas un artigo que che inspire e podas axudar coa tua visión.



Aberto o prazo
para a recepción
de artigos na
revista Fervenzas
ata o 31 de agosto

6.4. Área de coñecemento



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

Notas de prensa

Desde o departamento de Comunicación enviáronse 12 notas de prensa entre xaneiro e decembro de 2021. Das notas de empresa enviadas, unha versaba sobre a pandemia provocada pola COVID-19 e as demais sobre temas tan dispares como a adaptación de normativa sobre o SAF, incompatibilidade entre RISGA e IMV (2), garda social permanente para mulleres vítimas de violencia machista, eivas no sistema de protección a infancia en Galicia, solicitar a inclusión na comisión de garantía e avaliación da eutanasia e denuncia a demora no desenvolvemento destas; intrusismo laboral debido a figura do coordinador parental (2 notas de prensa); presentación do nome e logo do grupo de feminismos: sementeiras;

Aparición en medios

As que seguen:

- 1.O Colexio de Traballo Social esixe a vacinación urxente para as Traballadoras Sociais. Ligazón.
- 2.Galiciapress recolle a denuncia do COTSG de "desorganización" no proceso de inmunización por parte da Xunta. Ligazón.
- 3.Galiciapress mostra a colaboración entre a Xunta e o COTSG: A Xunta aborda co Colexio Oficial de Traballo Social a reforma da lei galega de inclusión social. Ligazón.
- 4.O Colexio Oficial de Traballo Social volve esixir a vacinación urxente do persoal de Traballo Social e denuncia a desorganización do proceso. Ligazón..
- 5..La Xunta aborda con el Colexio Oficial de Traballo Social la reforma de la ley gallega de inclusión social. Ligazón.
- 6.O Colexio Oficial de Traballo Social volve pedir unha adaptación da normativa sobre o SAF á actual situación e priorizar a vacinación do persoal. Ligazón.
- 7.La Voz de Galicia recolle: Premian a labor da área de servizos sociais de Vilagarcía durante a pandemia. Ligazón.

6.4. Área de coñecemento



8. O Colexio de Traballo Social reclama á Xunta utilizar os mecanismos legais para impedir que as persoas preceptoras da RISGA e o IMV asuman os custos da descoordinación entre institucións. [Ligazón.](#)
9. Intervención da compañeira Emma Lamas en relación coa reclamación que facemos á Xunta para que as persoas que perciben a Risga e viron recoñecido o IMV non paguen as consecuencias de erros de xestión administrativos. [Ligazón.](#)
10. Reportaxe publicado en Praza: Nas dúas beiras do espello: precaridade, sobrecarga e frustración na intervención social. [Ligazón.](#)
11. Só 14% das persoas en situación de “pobreza severa” percibe o Ingreso Mínimo Vital. [Ligazón.](#)
12. O Colexio de Traballo Social de Galicia volve reclamar a inclusión do traballo social nas Comisións de garantía e avaliación da eutanasia e denuncia a demora no desenvolvemento destas. [Ligazón](#)
13. O Colexio de Traballo Social acusa a Xunta de fomentar o “intrusismo laboral” descargando no profesorado funcións que non lle corresponden. [Ligazón.](#)
14. A revolta no Saladino Cortizo, centro "de referencia" na Educación Especial que queda sen traballadora social medio século despois. [Ligazón.](#)
15. Presentación do nome e logo do Grupo de Traballo Social e Feminismos do COTSG. [Ligazón.](#)
16. Galiciapress mostra que: O Colexio de Traballo Social impulsa un grupo específico para concienciar en feminismo. [Ligazón.](#)
17. A Quenda de Garda Social Permanente segue facendo fronte ás violencias machistas. [Ligazón.](#)
18. O COTSG en colaboración coa Deputación de Lugo proxecta o Documental. A Vivenda: Un ben social?. [Ligazón..](#)
19. Ir de compras o tomarse la medicación, retos para cien mil gallegos sin ayuda. [Ligazón.](#)

6.4. Área de coñecemento



Artigo no blog do COTSG

- AS DeXprotexidas e Invisibles sen vacina. Belén Iglesias. [Ligazón.](#)
- O Sistema público de servizos sociais perante a terceira vaga da pandemia: desafíos e retos. M^a Patrocinio Las Heras. [Ligazón](#)
- O Informe Social. Ana Vilar. [Ligazón](#)
- As persoas usuarias do Traballo Social en áreas rurais teñen necesidades distintas ás das áreas urbanas. Rosana Baleirón Baamonde. [Ligazón.](#)
- Traballo Social e Renda Básica: Unha relación simbiótica. Belçen Navarro Llobregat. [Ligazón](#)
- “Debemos pensar os servizos sociais como un servizo proactivo”. Traballadoras Sociais Concello de Vilagarcía. [Ligazón.](#)
- “O Traballo Social ampara a todas as persoas e debe defender os dereitos das persoas trans”. Iago Aperador. [Ligazón.](#)
- A ética e o Traballo Social. Comisión Deontolóxica do COTSG.
- Recensión “Silencio administrativo. La pobreza en el laberinto burocrático” Begoña Sánchez Roura. [Ligazón.](#)
- A comunidade educativa e a covid-19: a importancia do traballo social. Laura Zapata. [Ligazón](#)
- Os tres principios básicos do Código Deontolóxico: dignidade, igualdade e liberdade da persoa, son para min fundamentais na práctica diaria”. Entrevista a Emma Seoane, Traballadora social e membro da Comisión de Infancia e Familia. [Ligazón](#)
- A pandemia do covid-19 e os seus efectos no papel dos profesionais do Traballo Social dos centros residenciais. María José Vilela Ferro. [Ligazón](#)

6.4. Área de coñecemento



- O Traballo Social no ámbito penitenciario. Entrevista ás Traballadoras Sociais do Centro penitenciario A Lama. [Ligazón](#)
- Golpeamos á loba ata que roe para poder dicir que é mala. Belcén Iglesias Rodríguez, Traballadora Social e integrante do Grupo de Traballo Social e feminismos. [Ligazón](#)
- A supervisión profesional no Traballo Social. Entrevista a Carmina Puig. Profesora de Traballo Social e supervisora de equipos profesionais do eido psico-social. [Ligazón](#).
- #porelas: 1000 non é só un número. María Soliño, Traballadora Social, docente e escritora. [Ligazón](#)

Todas estas entradas difundíronse no facebook, twitter e instagram do Colexio e tiveron unha boa resposta interaccional. Debe proseguirse na liña de entrevistar e/ou visibilizar no blog temas de interese para a profesión: sanitario, paliativos, xénero, lgtbi, libre exercicio, emerxencias, etc.

Reclamacións a medios de comunicación

- Reclamación a La Voz de Galicia por atentar contra os dereitos humanos e reproducir prexuizos e estereotipos.

Esta reclamación foi enviada tamén ao Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia co obxectivo de que manteñan a súa función de vixilancia sobre os medios de comunicación galegos. Pedindo, ademais, a rectificación do contido e recomendouse asumir o seu código deontolóxico así como consultar guías que existen para mellorar o uso da información.

6.4. Área de coñecemento

Resumos mensuais


Desde o departamento de Comunicación, en colaboración con Coordinación, Emprego, e Formación elabórase un resumo mensual no que queda constancia das actividades desenvolvidas polo equipo de persoas traballadoras do COTSG e pola Xunta de Goberno. Dito resumo envíase no fío semanal de fin de mes.

Mailchimp- fíos e outras comunicacións vía correo electrónico.

O departamento de Comunicación coordina, xunto coas demais áreas e a vogal de Comunicación de Xunta de Goberno, o envío dun fío semanal á colexiación no que se recolle información e novas relacionadas coa entidade e de interese para a profesión e as novidades de formación e emprego. Ademais conta con:

- Envío de cuestións concretas de formación, diferentes campañas e emprego durante a semana.
- Campañas concretas e de interese para a profesión.

No gráfico seguinte móstrase que o 70% das persoas suscriptoras abren e interactúan co contido enviado.



6.4. Área de coñecemento

Redes sociais: Instagram, Facebook, Twitter, Youtube e Telegram.

- **Difusión de novas** autoreferencias e non autoreferencias pero de interese para a colexiación.
- **Elaboración de diferentes creacións**, vencelladas a cuestións concretas de formación, webinars e escritos remitidos polo COTSG.
- **Días sinalados:** Día mundial da saúde; Día mundial contra o cancro; Día dos dereitos humanos; Día Europeo da Medicación; Día dos avós e avoas; Día mundial para a prevención do suicidio; Día da e do cooperante; Día internacional da igualdade salarial; Día Mundial do Alzheimer; Día internacional contra a explotación sexual e a trata de persoas; Día mundial da saúde mental; Día internacional da nena; Día Internacional para a erradicación da pobreza; Día internacional da protección da natureza; Día Internacional da muller rural; Día Mundial da loita contra o cancro de mama; Día internacional contra a violencia e o acoso na escola; Día internacional das persoas coidadoras; Día internacional das persoas con discapacidade; Día internacional da eliminación das violencias machistas; Día internacional das persoas migrantes; Aquí algúns exemplos:



6.4. Área de coñecemento

Twitter



Funciona dun xeito correcto como ferramenta autorreferencial entre colexios e colexiación.

Cómpre mellorar na frecuencia de actualización de cara a 2022.

Instagram



O COTSG creou o seu perfil o 5 de xullo. Na actualidade conta con 1504 seguidores, fronte aos 921 de 2020, a gran maioría nun rango de idade entre os 20 e os 35 anos e que están a responder moi ben e de xeito moi dinámico ao contido publicado. É importante, polo tanto, seguir a perseverar nesta rede.


Telegram



Difusión de novas de interese para a profesión: subvencións, publicación de lexislación relevante, apertura de procesos de consulta pública e de oposición, formación, campañas do Colexio e tamén pequenos tips de autocoidado, para trasladar esta última liña estratéxica nunha canle máis cotiá. O ritmo de publicación soe ser de tres veces por semana, con boa resposta por parte da colexiación. É unha canle que comezou con 80 persoas e que conta con 186 persoas inscritas no momento presente.



6.6. Acción social e Creación de Tecido Asociativo



O Colexio de Traballo social continuará participando en todos aqueles espazos onde se traballe polos dereitos sociais e estean acorde co Código Deontolóxico do Traballo social.

Neste senso, crease na WEB un espazo de Tecido asociativo onde se tecen redes entre entidades. [Prema aquí](#) para acceder ao espazo.

7. PREMIOS E CELEBRACIONES



- **Premios DMTS 2021:** Recibíronse un total de 14 candidaturas, 3 para a modalidade de Investigación, 4 para a modalidade de Boas Prácticas e 7 para a de TFG-TFM e nomeáronse a 6 membros do xurado. O acto de entrega de premios realizouse online o 16 de marzo de 2021. O Día 16 de marzo emitíuse a entrega de do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebrada de forma telemática pola situación sociosanitaria. Con esta iniciativa o Colexio tenta incentivar a participación das persoas colexiadas e ao mesmo tempo, divulgar o labor profesional entre a sociedade.

7. PREMIOS E CELEBRACIÓNS

Na categoría de Investigación, resulta gañadora “A Investigación premiada nesta modalidade é a denominada “Necesidades sociais da poboación da zona rural norte. Visión desde o Traballo Social”, de Rosa Ana Baleirón Baamonde.


Na categoría de Boas Prácticas, recoñécese o “Servizo de Atención Psicosocial Urxente Covid19” presentada por Noela Lorenzo Gallego en colaboración co equipo de traballo conformado por Montserrat Rosales, Iria Cambra e Tania García.

Na categoría de Traballo de Fin de Grao- Traballo de Fin de Máster, O TFG premiado é o titulado “Persoas trans: Unha realidade oprimida. Investigación cualitativa en Traballo Social”, presentado por Iago Aperador. Podes ver o vídeo completo da entrega de premios [aquí](#)



7. PREMIOS E CELEBRACIONES

- Posta en marcha dun **concurso para a creación e deseño de portada e contraportada para as Axendas COTSG 2022**, co obxectivo de promover e difundir o ámbito social, o autocoidado e previr patoloxías como o Síndrome de Burnout. [Prema aquí para acceder ás bases](#). O Premio consistiu en participar gratuitamente nalgún dos cursos do COTSG 2021-2022, ademais de aparecer na portada e/ou contraportada da Axenda do COTSG 2022.



- **Gañadora:** Rebeca Álvarez, con este deseño:



7. PREMIOS E CELEBRACIONES

- **Candidatas aos Premios e Distincións de Unión Profesional de Galicia 2021.**

A candidata seleccionada foi Ana María Vilar Varela

O Colexio de Traballo Social de Galicia presenta:

AS CANDIDATAS AOS PREMIOS E DISTINCIÓNS DE UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA 2021

 <p>ANA ISABEL GUILLÉN VILANOVA</p> <p>"O TRABALLO SOCIAL FOI UN ACERTO NA MIÑA VIDA E AGORA MESMO PARA MÍN SIGNIFICA APRECIAR A DIVERSIDADE E APRENDER CADA DÍA".</p>	 <p>MARÍA JOSÉ NÓVOA RODRÍGUEZ</p> <p>"SOMOS AXENTES DE CAMBIO E UN FACTOR DETERMINANTE NA VIDA DAS PERSOAS [...] É ESENCIAL A NOSA ATENCIÓN CARA COLECTIVOS ESQUECIDOS COS QUE EXISTE UNHA DÉBEDA SOCIAL".</p>
 <p>EVA RIVAS PEREIRO</p> <p>"CADA VEZ GÚSTAME MÁIS A NOSA PROFESIÓN. OS ASPECTOS SOCIAIS INFLUEN TANTO NA VIDA DAS PERSOAS QUE O TRABALLO SOCIAL CADA VEZ É MÁIS RELEVANTE. ISTO É UN MOTOR PARA SEGUIR".</p>	 <p>ANTIÁ SOBRINO BERNALDO DE QUIROS</p> <p>"DESDE QUE IA O INSTITUTO SABÍA QUE ESTUDARÍA TRABALLO SOCIAL, POR MOR DA COVID-19, DEBEMOS PÓR EN VALOR NON SÓ O TRABALLO SOCIAL SENÓN TAMÉN A COORDINACIÓN SOCIO-SANITARIA QUE LEVAMOS A CABO".</p>
 <p>ESTHER PÉREZ MONTES (TESI)</p> <p>"O TRABALLO SOCIAL APORTOUME MOITO A NIVEL PERSOAL, E A DÍA DE HOXE É IMPRESCINDIBLE PARA A VIVENCIA DA NOSA CIDADANÍA".</p>	 <p>ANA VILAR</p> <p>"O TRABALLO SOCIAL APAIXÓNAME E CREO NEL. A MIÑA MISIÓN AGORA É RECUPERAR A SÚA ESENCIA A TRAVÉS DO COLEXIO E O CONSELLO XERAL DE TRABALLO SOCIAL".</p>

GRAZAS POLO GRAN VALOR QUE APORTADES AO TRABALLO SOCIAL

- **Sorteo de 3 entradas de balde para asistir de xeito presencial ao XVI Congreso Estatal e ao II Congreso Iberoamericano de Traballo Social**, que terá lugar en Maio de 2022 en Cidade Real. Para ver as Bases do Sorteo prema aquí.

“Entra nas nosas redes sociais e participa no sorteo respondendo nos comentarios da publicación do Congreso sobre o sorteo: ¿Cal é a esencia do Traballo Social?, dálle a “Me gusta” e menciona a 2 Traballadores/as sociais cos que queredes asistir ao Congreso.”

8. CONVENIOS DE COLABORACION



8.1. QUENDA DE GARDA SOCIAL

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) e a Xunta de Galicia **renovaron o 3 de xuño o convenio que regula a Quenda de Garda Social Permanente para mulleres vítimas da violencia machista, os seus fillos e fillas menores e persoas dependentes ao seu cargo.** Desta maneira, seguirá operativo este servizo pioneiro que posibilita unha intervención inmediata e de carácter especializado, desde o ámbito do Traballo Social, para un acompañamento social de urxencia. O convenio orixinal que botou a andar a Quenda asinouse hai dous anos, en maio de 2019.



8.1. QUENDA DE GARDA SOCIAL



O obxectivo do 2021 foi crear estratexias eficaces de difusión do programa para unha correcta activación.

Actividades realizadas:

- INTERVENCIÓNS

A. Quenda conta con 69 profesionais en activo distribuídas por toda a comunidade autónoma galega

B. Non se activa o servizo no 2021

- REUNIÓNS INFORMATIVAS

a. Desenvolverase un curso formativo especializado para as e os profesionais que forman parte da Quenda e aquelas profesionais que queiran formar parte.

- ACTIVIDADES DESENVOLTAS POR COORDINACIÓN

A. Elaboración do novo protocolo e Regulamento de réxime interno, os modelos de documentos de traballo e toda a recollida de información durante todo o proceso co seu adecuado seguimento.

B. Guía de Recursos e Dípticos de difusión Co fin de visibilizar este servizo e dalo a coñecer, poñemos ao voso dispor os materiais editados sobre o mesmo na nosa páxina web.

<https://bit.ly/3uOVIQt>

C. Actualización das Quendas cunha frecuencia quincenal.

QUENDA DE TRABALLO SOCIAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO

24 HORAS 365 DIAS

Que é?
É un servizo de acompañamento social especializado en situacións de urxencia para as mulleres, os seus fillos ou filas e persoas a cargo en situación de violencia de xénero (incluídos delitos sexuais). A través da Quenda detectáanse as necesidades sociais das mulleres para facilitar a súa cobertura e infórmase sobre os recursos e itinerarios de axuda existentes na comunidade. Ofrece un apoio familiar e cobre as necesidades prácticas durante situacións de especial vulnerabilidade nas familias.

Cando debe activarse?
Cando as mulleres acoden por primeira vez denunciar, sen ter tido contacto previo co sistema integral de asistencia e por tanto non dispoñan de información sobre todo o procedemento e recursos.
Cando a muller está acompañada por fillos e fillos e/ou persoas dependentes.
Cando concoren factores de risco que precisen de recursos especializados (adiccións, saúde mental, etc).

Como se activa?
Sempre con consentimiento informado da muller
Activado por forzas e corpos de seguridade e/ou xulgados en materia de Violencia de Xénero
Chama ao Teléfono de Información ás Mulleres 900 400 273
NON fai falta interpoñer denuncia para activar a Quenda

Para ter en conta...

As cifras
44% da violencia sexual prodúcese dentro do domicilio
1/3 das mulleres que sufriron violencia machista consumen medicamentos, alcohol ou drogas para afrontar a situación
1 de 2 mulleres ten sufrido violencia por ser muller
14% de mulleres en España sufriron violencia física e/ou sexual por parte do/a parella ou exparella nalgún intre da súa vida
1 de 2 agresores sexuais eran amigos ou coñecidos da vítima

E lembra...
Existen factores (cor de pel, orientación sexual, idioma, clase...) que se combinan e potencian problemas derivados da desigualdade de xénero.
A violencia na parella segue patróns cíclicos (Leonor Walker, 1979).
A pandemia invisibiliza máis a violencia de xénero e a súa incidencia real.
Física, psicolóxica, sexual, ambiental, económica e/ou material, ciberviolencia, simbólica, obstétrica, vicaria, institucional...

D.Reunións coa Secretaría Xeral para concretar estratexias de difusión e aspectos de mellora do servizo

E. Participación nas mesas de Coordinación local de Violencia de Xénero

F.Reunións coa Dirección Xeral de Xustiza para a mellora na atención en violencia de xénero.

G.Notas de Prensa ([+info](#))



8.2. PROXECTO PRO.VI - PROTECTING VICTIM RIGHTS

Colaboración para contribuír a mellorar a atención integral das mulleres e das súas fillas e fillos que sufren violencia de xénero. (Secretaría Xeral de Igualdade, Colexio de Psicoloxía, Colexio de Educadores e Educadoras, Ilustre colexio de avogacía de A Coruña, Asociación Consensus)

Neste 2021 participamos na elaboración dun manual para profesionais Pro.VI (Protecting victim`s rights) centrado na protección de vítimas de delitos. Este manual, ten por obxecto proporcionar ás e aos profesionais do sistema de xustiza penal, entre os que se atopan as e os profesionais do Traballo Social, unha visión dos avances na protección dos dereitos das vítimas no que respecta aplicación da lei, avances e prácticas innovadoras, así como orientación práctica para axudarnos nas nosas intervencións sociais coas vítimas de delitos mediante a utilización dun enfoque sensible ás vítimas. Asemade, neste manual téñense en conta todas as vítimas de delitos, incluídas as persoas adultas, crianzas e outros grupos vulnerables aos que se recoñece unha protección e dereitos específicos.

The logo for the SERV project, with the word 'SERV' in large blue letters and a stylized graphic of vertical bars of varying heights to its right.

PROXECTO EUROPEO SERV: Servizos e dereitos para as vítimas de delito

SEMINARIO 1.- Boas prácticas de apoio a mulleres vítimas de violencia.
Martes 29 de marzo de 2021 de 16.30 a 18.30 h.

PROGRAMA

16.30 *Programas de apoio psicolóxico a mulleres vítimas de violencia*
Rubén Villar, Coordinador programas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Debate

17.00 *Programas de apoio social a mulleres vítimas de violencia*
Nerea Fernández, Coordinadora quenda contra a violencia machista do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia
Debate

17.30 *Asistencia a mulleres vítimas de violencia nos Centros de Información ás Mulleres*
Karina Pérez, Traballadora social CIM Arleixo
Yolí Neira, Psicológa do CIM de Boqueixón
Debate

18.00 *Asistencia a mulleres vítimas de violencia nas Oficinas de Atención a Vítimas*
José Manuel Oreiro, Psicológo do OAV do Xulgado da Coruña.
Debate

8.3. MATIASS / SIUSS

O Manual de Traballo, Información e Asesoramento de Servizos Sociais (MATIASS), no marco dunha colaboración entre o COTSG e a Xunta de Galicia, ten como obxectivo proporcionar información, apoio tecnolóxico, asesoramento técnico e formación continua dos traballadores/as sociais dos servizos Sociais.

Durante o ano 2021 levouse a cabo un dos avances máis importantes do MATIASS, as actualizacións dentro do portal converténdoo nun espazo máis accesible e, ademais, o cambio das claves individuais para cada profesional.

As tarefas levadas a cabo durante o 2021 son as seguintes:

A. Actualización de contados da WEB MATIASS

Desenvólvese en coordinación co Servizo de Coordinación de Servizos Sociais Comunitarios da Consellería de Política Social para a dirección, planificación do servizo, e supervisión técnica, que facilita ademais a coordinación interadministrativa, a resolución de incidencias e a integración de resultados.



MATIASS

MANUAL DE TRABAJO, INFORMACIÓN
E ASESORAMIENTO EN SERVICIOS SOCIAIS

8.3. MATIASS / SIUSS

- Coordinación co Servizo de Coordinación de Servizos Sociais Comunitarios da Consellería de Política Social para a xestión de altas/baixas usuarios/as, seguindo as instrucións por parte da dita Consellaría para facilitar os accesos a esta aplicación.
- Rexistro no sistema dos datos de alta de novos usuarios (MATOOXX e contrasinais) facilitados polo Servizo de Coordinación de Servizos Sociais Comunitarios, segundo as solicitudes achegadas á sede electrónica da Xunta
- Resolución de incidencias no acceso ou na navegación pola web.
- Atención das consultas que se produzan por parte das profesionais interesadas en acceder ao MATIASS, en relación co acceso á aplicación.
- **A partir do 22 de decembro de 2021, data en que, transitoriamente se puxo en marcha de forma paralela o novo portal (matiaass.xunta.gal)** habilitouse un procedemento de recollida masiva de datos de usuarios/as que xa estaban accedendo ao MATIASS, mediante formulario a través de correo electrónico para posibilitar e axilizar o acceso ao novo portal de xeito individual (con certificado dixital ou no caso de non dispor del con usuario -NIF- e contrasinal). As traballadoras e traballadores sociais que xa estaban de alta en SIUSS e/ou HSUE e xa se lles deu acceso de forma directa mediante o rexistro no novo portal sen que tiveran que achegar formulario.
- **Nº de consultas** atendidas a profesionais interesadas en acceder ao MATIASS ou en relación co acceso á aplicación, vía telefónica ou correo electrónico: +500

C. Coordinación cos Servizos Informáticos da Xunta de Galicia AMTEGA

D. Seguimento do Tráfico WEB

8.4. Formación desenvolvida en colaboración con outras entidades



Formación especializada subvencionada por entidades externas (Administracións Públicas, institucións ou empresas), tamén en modalidade online combinada con sesións virtuais. Ao longo do ano 2021, executáronse 8 accións formativas no marco de diversos convenios de colaboración e/ou subvencións.

- INTRODUCCIÓN Á ETICA DA INTERVENCIÓN SOCIAL | Formación realizada en colaboración coa Deputación da Coruña, recollida na Resolución 2121/6990 para a impartición do curso “Introdución á Etica da Intervención Social” (Cód.1224).
- INTRODUCCIÓN Á ETICA DA INTERVENCIÓN SOCIAL | Formación realizada en colaboración coa FEGAMP.
- PERSOAS SEN FOGAR E FEMINIZACIÓN DA POBREZA | Formación realizada en colaboración coa Consellería de Política Social (D.X. Inclusión) no marco do Contrato menor para o Servizo de formación especializada dirixida ao persoal dos SS. SS Comunitarios (2020-2021)
- INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA EN SAÚDE MENTAL E INCLUSIÓN | Ídem ao anterior.
- INTERVENCIÓN SOCIAL CON MULLERES E NENOS/AS VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL | Secretaría Xeral da Igualdade (Xunta de Galicia) | Convenio para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda social, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.
- TRABALLO SOCIAL E EXERCICIO LIBRE | Formación realizada ao abeiro da subvención concedida pola Deputación da Coruña no marco do Programa de subvencións a entidades para actividades de promoción económica durante o ano 2021 (FOENAA/2021)
- [Curso Introductorio] A SUPERVISIÓN: UN INSTRUMENTO PARA A CALIDADE DA INTERVENCIÓN SOCIAL E O AUTOCOIDADO DOS/AS PROFESIONAIS | Ídem ao anterior.
- [Webinar] A SUPERVISIÓN: UN INSTRUMENTO PARA A CALIDADE DA INTERVENCIÓN SOCIAL E O AUTOCOIDADO DOS/AS PROFESIONAIS | Ídem ao anterior.

9. SERVICIOS COLEXIAS

9.1. Asesoría Xurídica



XANEIRO: 32 consultas (sobre informes sobre desafiuzamentos, acceso dos cargos políticos aos datos das persoas usuarias, reclamacións salariais, sobre o Ingreso Mínimo Vital, usuarios positivos de COVID19 no Servizo de Axuda no Fogar, sobre a necesidade de atopar unha alternativa habitacional, utilización de EPIS, etc.).

FEBREIRO: 37 consultas (sobre convalidación do Grado en Traballo Social, comunicacións con Fiscalía, acceso a informes sociais de menores polos proxenitores, asesoramento sobre situacións de acoso laboral, negativa a vacinarse, sobre a necesidade de realizar informes sociais a requirimento do Xulgado cando non existe expediente aberto, etc.).

MARZO: 37 consultas (sobre o proceso selectivo da Xunta de Galicia, obrigatoriedade dos recoñecementos médicos, participación como testemuñas en xuízos, legalizar cursos realizados no estranxeiro, tramitación expedientes co certificado persoal das Traballadoras Sociais, subrogación do contrato laboral, horas extraordinarias, etc.).

ABRIL: 34 consultas (sobre o ingreso involuntario, coincidencia de exames de probas selectivas, prego cláusulas de SAF, protección de datos na tramitación do IMV, obriga de asinar mediante a firma electrónica, suspensión de asistencia a persoa usuaria, condicións laborais de rastrexadora, solicitude de declaración xudicial mediante videoconferencia, informe de funcións de Traballo Social, etc.).

MAIO: 53 consultas (sobre o proceso selectivo da Xunta de Galicia, obrigatoriedade dos recoñecementos médicos, participación como testemuñas en xuízos, legalizar cursos realizados no estranxeiro, tramitación expedientes co certificado persoal das Traballadoras Sociais, subrogación do contrato laboral, horas extraordinarias, etc.).

9.1. Asesoría Xurídica



XUÑO: 60 consultas (sobre as prazas do Consorcio, vixencia das bolsas de emprego, responsabilidade das autorizacións para a incineración, dereito de vacacións, escrito de autorización de cesión de datos, responsabilidade das traballadoras en prácticas, acceso de expediente de persoa falecida, convalidación do CELGA 4, etc.).

XULLO: 17 consultas (sobre internamentos non voluntarios, sobre adxudicación de prazas, sobre o nomeamento como coordinador do SAFa un psicólogo, solicitude de expediente pola parella de feito, necesidade de convocatoria de praza vacante, etc.).

AGOSTO: 35 consultas (sobre competencias de xestión económica, renuncia voluntaria para incorporarse a un Concello, reclamar horas extraordinarias, incompatibilidade atención a persoa usuaria, interinaxe e conciliación, alta despois dunha incapacidade temporal, posibilidade de gravar a auxiliar de SAD, acumulación de tarefas, etc.).

SETEMBRO: 51 consultas (sobre licencias, informes sobre vulnerabilidade económica, os procedementos para unha morte digna, uso de chaves por auxiliares do SAF, renuncia praza como funcionaria interina, intrusismo profesional, penalización chamamentos, suspensión de atención por conflitos coa familia, etc.).

9.1. Asesoría Xurídica



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

OUTUBRO: 33 consultas (sobre o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, realizar test psicotécnico, días de libre disposición, sobre barreiras arquitectónicas, sobre baixa como colexiada, Informes sociais de curatela, permisos laborais para formación, sobre a acreditación como vítima de violencia de xénero, etc.).

NOVEMBRO: 53 consultas (sobre realizar visitas domiciliarias sen preaviso, preguntas anuladas en exame de oposición, sobre a nova lei de apoio a persoas con discapacidade, sobre a situación de risco de menores, subida do salario mínimo interprofesional, sobre os permisos do Tribunal de Avaliación, sobre o IMELGA, sobre a obriga de emitir informe social a petición de persoa usuaria, sobre a prevención de riscos laborais no SAF, etc.).

DECEMBRO: 27 consultas (sobre cambio de Traballadora Social de referencia, a asignación de funcións dende alcaldía, sobre a extinción da prestación do SAF, sobre a garda de feito, a xornada laboral, sobre a compatibilidade de dous traballos, execución de Sentenza, recusación de membros do Tribunal de Avaliación, etc.).

9.2. Servizo de información laboral

NA páxina Web dispoñemos dunha sección onde compartimos ofertas de emprego (máis de 1000 ofertas publicadas no 2021) e convocatorias actualizadas para Traballadores/as sociais colexiados/as, publicitadas e/ou achegadas directamente ao COTSG por diversas entidades públicas (Administración Estatal, Autonómica e Local, Deputacións Provinciais, Universidades...) e privadas (asociacións, ONGs, fundacións, confederacións, empresas, sindicatos...).

9.3. Tecnoloxía

A Xunta de Goberno aposta por unha nova web que simplifica e dinamiza a navegación a través dos distintos servizos e información á disposición da colexiación do Colexio.



Asemade, Integramos un novo software dentro da web do COTSG, co cal, preténdese que cada persoa colexiada poida xestionar de maneira eficaz o seu perfil persoal, profesional, académico e ademais poida facer diferentes xestións dun modo máis cómodo. Seguindo con este compromiso, presentamos unha nova área persoal que permitirá:

- Poder actualizar o teu perfil profesional, desta maneira poderás recibir información personalizada.
- Acceso directo co cotsg para facer as túas consultas, así como para consultar as antigas no historial que poderás visualizar.
- Obter as certificacións de formación e outras de maneira online e así será moito máis áxil.

10. Outros


10.1. Subvencións pedidas e concedidas

- Deputación de A Coruña. Correspondente á convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades para actividades de promoción económica, durante o ano 2021
- IGAPE: Axudas a Proxectos de dixitalización para facer fronte á situación provocada polo COVID 19 (Programa Cheques dixitalización COVID-19)

10.2. Subvencións pedidas e concedidas

Nesta última candidatura desta Xunta Goberno, tivemos o compromiso de revisar o Regulamento electoral coa finalidade de actualizar e mellorar a accesibilidade e a inclusión da colexiación, mediante unha campaña divulgativa en redes e a adaptación de novas tecnoloxías .

Ademais, quixemos potenciar a motivación da colexiación no desenvolvemento de programas de candidatura para as eleccións, profesionais convencidos e convencidas da importancia da institución e da estrutura colexial do noso Colexio para a promoción e defensa da profesión, así como dos dereitos sociais de toda a cidadanía



GRAZAS!



Ti formas este colexio

Ti fas que evolucione

